



AS PAISAXES DO SAL DO ULLÓ



AS PAISAXES DO SAL DO ULLÓ

ISBN: 13-978-84-09-49856-7

Depósito legal: C 991-2023

Dirección:

Brais X. Currás Refojos
Anxo Rodríguez Lemos
Mario César Vila
Francisco Alonso Toucido
Tania Mosquera Castro

Autoría dos textos:

Historia:

Anxo Rodríguez Lemos
Brais Xosé Currás Refojos
Tania Mosquera Castro
Francisco Alonso Toucido

Medio Ambiente:

Xandro García-Regueira
Nerea Aguín

Maquetaxe:

Xiralúa Estudio Creativo

Ilustracións: pp. 6,7, 10, 11, 28, 29, 55, 86, UAV Galicia; pp. 14, 16, 18, 67, 68, 76, 84, Xoia Extending Reality; pp. 33, 41, 51, 53, 61, 71, 88, Siro; pp. 6-7, 12-13, 20-21, 27, 59, 62-63, 64, 78-79, 87, Alberte Reboreda; pp. 80, Begoña Bas; p. 83, Xan Sabarís e Julio Eiroa; pp. 58-59, 82, 92, Sara Carballo Avilés; pp. 31, Avelino Sierra Fernández; pp. 37, Zagala; pp. 22, Museo de Pontevedra; pp. 23, 25, Biblioteca da Deputación de Pontevedra; pp. 24, Royal Museums Greenwich; pp. 54, Javier Cadilla (Arquivo Municipal da Guarda); pp. 54, Aurelio Rey Alar; pp. 52, Hispanic Society of America; pp. 34, 35, 36, 39, 120, elaborado a partir de datos do IGN; p. 45, Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra; pp. 74, Diamantino Nunes do Amaral; pp. 74, 75, Diamantino Dias; pp. 73, M. Munné; pp. 90-111, Xandro García e Damián Romai; pp. 32, Biblioteca Pública Municipal do Porto e Direção Geral do Território

Coordinación de edición: Engobe Arqueoloxía S. L.

Edita: Concello de Vilaboa, 2023

Imprime: Deputación de Pontevedra

Financiamento: Galp Ría de Vigo - A Guarda (GALP7-131)



SALINAS
DO ULLÓ

ÍNDICE DE CONTIDOS



01	AS PAISAXES DO SAL DE VILABOIA	10
02	O ULLÓ: UNHA ENCRUCILLADA NO TEMPO	20
03	HISTORIA DAS SALINAS DO ULLÓ	28
04	O FUNCIONAMENTO DAS SALINAS	62
05	MUÍÑO E EMBARCADOIRO	78
06	UN HÁBITAT DE MARISMA	90
07	PARA SABER MÁIS	112
08	EIXO CRONOLÓXICO DAS PAISAXES DO SAL NO ULLÓ	116
09	VISITA AS SALINAS	118



An aerial photograph of a river delta system, showing a network of channels and distributaries. The water is a light greyish-blue, and the surrounding land is covered in dense green vegetation. A white rectangular box is overlaid on the right side of the image, containing the word 'SAÚDOS' in bold black capital letters. The background of the entire image is a solid blue color.

SAÚDOS

Esta guía que poñemos a disposición da cidadanía, pretende servir para mergullarse na historia das Salinas do Ulló e de Larache, ser un punto de referencia e de información para as persoas que viven en Vilaboa e as que visitan Vilaboa, para que poidamos coñecer mellor a nosa historia pasada e poñer en valor este fermoso patrimonio natural e industrial.

As Salinas de Ulló e de Larache constitúen un dos puntos máis visitados do noso Concello, e por tanto, ter ben documentado e unha sinalización e información rigorosa sobre o que supuxeron no pasado, apoiándose en novas tecnoloxías, como a realidade aumentada, supón un maior atractivo para fomentar un turismo sostible e de natureza.

A través desta guía, da nova imaxe, redes sociais e páxina web e dos paneis divulgativos co código QR para a realidade aumentada, colocados en puntos estratéxicos do percorrido polas Salinas, contamos con mellores recursos para potenciar o seu coñecemento e tamén o respecto polo seu uso racional.

As persoas que nos visitan contan ademais con información sobre os establecementos turísticos e os servizos básicos para que disfruten deste espazo e coñezan os aloxamentos e restaurantes do Concello.

Quero sinalar especialmente o apoio a este proxecto por parte da comunidade educativa, o CEP Plurilingüe de Riomaior, o Colexio Rural Agrupado de Vilaboa e o CPI do Toural, con ela esperamos disfrutar de moitas visitas guiadas por esta nova información da que dispoñemos e que esta ferramenta que hoxe poñemos a súa disposición lles sexa útil para o currículo escolar.

E finalmente agradecer a Deputación de Pontevedra a súa colaboración para que esta guía vexa a luz e pódase ler e estudar por parte de veciños e veciñas e visitantes do concello.

César Poza González

Alcalde de Vilaboa

A guía que tedes entre as mans é o resultado dun completo traballo de investigación tanto sobre o terreo como no rastrexo da documentación, feito por un equipo de persoas de formación diversa en bioloxía, arqueoloxía, topografía e historia, entre outros.

O Concello conseguiu financiamento do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Vigo-A Guarda que, con fondos europeos, fondos da Xunta de Galicia e fondos propios do Concello, permitiron realizar esta investigación durante case dous anos, cuxa coordinación científica foi a cargo do Consello Superior de Investigacións Científicas, CSIC, e que deu como resultado un maior coñecemento deste patrimonio ambiental e industrial que temos en Vilaboa.

Hoxe, con este proxecto concluído sabemos máis sobre a historia de Vilaboa e de Galicia vencellada a explotación do sal e tamén temos información contrastada de como funcionaron as Salinas. De feito, coñecemos grazas a este traballo onde estaban situadas sobre o terreo as salinas, o muiño de mareas, o itinerario histórico da súa explotación, a vinculación coa Granxa, as persoas que traballaron nas salinas ou que as explotaron e tamén coñecemos mellor a flora e fauna que as habitan.

Este documento compila, amplía, ordena e dálle sustento científico ao coñecemento que existe sobre as Salinas de Ulló e de Larache e permítenos ofrecer a veciños e veciñas e a visitantes un anaco da nosa historia pasada, recrear esa historia e tamén poñer en valor o que se pode ollar cando un se achega a este fermoso lugar.

Desfruten do paseo e da lectura, é alimento para a alma e o saber.

Carmen Gallego Calvar

Concelleira



An aerial photograph of a salt flat landscape, showing a winding river or canal in the upper left and a large, flat, textured area of salt flats below. The image is overlaid with a solid blue background on the right side and a white rectangular box containing text.

01.

AS PAISAXES DO SAL
DE VILABOIA



As nosas paisaxes están moldeadas por séculos de vida e traballo do ser humano. Non son unha imaxe estática dun pasado detido no tempo. Son unha realidade móbil, cambiante, na que van precipitando pouco a pouco as lentas pegadas da historia. Os montes e as praias, as costas, os altos cumios e as extensas chairas, os eidos, os ríos e os bosques, acubillan os despoños da acción humana, acumulados durante milenios. Restos hoxe invisibles na paisaxe, construcións esquecidas, camiños perdidos, terras de labor abandonadas... son os vestixios arqueolóxicos que nos contan como foi cambiando a forma na que a xente habitou e traballou a súa terra. Aquilo que ás veces aparece ante os nosos ollos como un espazo afastado da man do home, pode agochar sen embargo longas

e complexas historias que só unha mirada atenta é capaz de enxergar. Detrás dunha agra, dunha enseada ou dun pequeno outeiro, podemos atopar o relato do pasado.

Cando hoxe visitamos as salinas do Ulló e de Larache, apenas conseguimos albiscar os vestixios do que foi durante os séculos XVII e XVIII un centro de produción de sal. O abandono e o paso do tempo mudaron as antigas instalacións industriais do Ulló nunha marisma, onde fican esquecidos, ocultos entre a vexetación da xunqueira, os restos dos tallos salineiros onde cristalizaba o sal, as canles polas que circulaba a auga e as comportas que regulaban o seu paso, as plataformas desde as que os marnotos accedían ás salinas e colleitaban o sal, e ata os alfolíns onde se almacenaba antes de ser enviada aos portos pesqueiros. Esas

salinas, abandonadas e estragadas, convertidas agora nunha marisma vizosa, contan a historia da transformación da paisaxe. De como unha pequena enseada situada no fondo da ría de Vigo foi convertida en centro salineiro, ou de cando os vaivéns da política internacional trouxeron escaseza dun elemento que era fundamental para a florecente industria de salgadura da sardiña. De como aquela abra foi logo abandonada, deixando as salinas esmorecer e conformando un espazo de grande riqueza biolóxica. De como tempo despois a rada foi pechada cunha gran bancada levantada en perpiaño e como foi construído un muíño que funcionaba coa forza das mareas.

Este pequeno libro é un percorrido por todas esas paisaxes que están detrás da paisaxe das salinas do Ulló.







Antes do final do século XVII a enseada do Ulló era un espazo aberto. Algunhas referencias documentais falan dunhas “salinas vellas”, das que nada sabemos. Se realmente houbo unha antiga explotación do sal, a súa pegada perdeuse no tempo.

Pero aquelas ribeiras non era unha terra baldía. Naquel entón, as marxes da desembocadura do Ulló serían a bo seguro aproveitadas polos veciños de San Martiño de Vilaboa para producir millo, centeo ou trigo.





No final do século XVII a enseada do Ulló experimenta unha gran transformación coa construción das salinas: as de San José na banda oeste, e as de Porta Muíños polo norte. Inicialmente eran propiedade da familia nobre dos Mosquera, pero logo pasan ao control da orde dos xesuítas, que as traballan durante a primeira metade do século XVIII, ao tempo que levantan unha granxa para a explotación do agro.





As salinas dos xesuítas tiveron unha vida curta e a mediados do século XVIII xa estaban totalmente abandonadas. Pouco a pouco, as súas estruturas foron esmorecendo, e o lugar que antes ocuparon os tallos salineiros foi asolagado por unha ampla marisma.

A finais do século XIX, a vella granxa das salinas foi reconstruída, dando forma á gran casa. A enseada, ata agora aberta, quedou pechada por un muro de contención feito en bloques de granito, onde se instalou un muíño de mareas.





02.

O ULLÓ: UNHA ENCRUCILLADA
NO TEMPO



Plano da Ría de Vigo e parte da península do Morrazo (1928, Madrid).

As Salinas do Ulló sitúanse no concello de Vilaboa (Pontevedra), nun lugar privilexiado do suroeste galego, ao fondo da ría de Vigo e de rentes á enseada de San Simón.

A localización do Ulló e Larache aproveita as excelentes características xeográficas da enseada de San Simón. Protexidas polos montes do Morrazo, estas salinas gorécense dos fortes ventos provenientes do océano e bloquean cos seus diques o calmo mar da enseada, fronte a

desembocadura do río Verdugo-Oitaven e as illas Alvedosas. Salvo a de Ferrol, ningunha ría galega conta cun espazo tan protexido como o que pecha o estreito de Rande, favorecendo uns usos mariñeiros de total proximidade. Hoxe en día continúan a ser famosos os chocos de Redondela e as ostras de Arcade, festexos gastronómicos que reflicten un pasado de forte vinculación ao mar, marisqueo, pesca, recollida de argazo, comercio, industria de salgado e conserveira e até un forno de cal como o de San Adrián, que

fornece ás costas da provincia antes da chegada do cemento. Todos eles regados por unhas ribeiras fértiles que subministraban os produtos da horta, os cereais, o pasto e o bo viño das Ribeiras do Morrazo, hoxe xa IXP.

Dende o punto de vista xeolóxico os espazos do sal de Vilaboa, aproveitan o lugar que hai milleiros de anos deixou a Depresión Meridiana, unha falla que percorre Galicia dende Carballo ata Valença do Minho en liña recta de norte a sur. Este corredor permite unha comunicación idónea no coñecido como eixo atlántico, non sendo casual que as principais vías de comunicación, vilas e cidades galegas se atopen na súa contorna. Toda a enseada de San Simón intégrase nesta formación natural, hoxe inundada pola auga, conformando un auténtico mar interior.

As salinas do Ulló e Larache son un fito máis nunha longa historia de modificación da paisaxe e do medio. Pouco do que podemos ver hoxe ao redor das salinas pode ser definido como completamente natural, posto que a paisaxe actual é froito da acumulación de accións que ao



Preparación da pesca na ribeira do Berbés de Vigo (ca. 1910).

longo da historia levaron a cabo os habitantes destas terras.

Os cambios da paisaxe provocados pola acción do ser humano comezarían en Vilaboa no Neolítico/Calcolítico, dos que son extraordinarios exemplos as necrópoles de Chan da Armada ou un dos máis importantes referentes do megalitismo galego, a Mámoa do Rei. Durante a Idade do Ferro a influencia antrópica contaría cun salto cualitativo. As sociedades dos castros

foron quen de modificar montes enteiros, como o próximo outeiro da Croa, entre Larache e O Ulló.

A vía de comunicación natural que supón a Depresión Meridiana foi especialmente empregada polo Imperio romano, que trazou o percorrido da vía XIX do Itinerario de Antonino pola beira leste da enseada. Esta estrada unía as principais cidades da Gallaecia, Bracara Augusta (Braga), Lucus Augusti (Lugo) e Asturica Augusta (Astorga). Neste momento contamos cos primeiras indicios dun uso intensivo da enseada a nivel pesqueiro, pois é posible que algúns dos diferentes asentamentos romanos localizados na costa, e aínda por escavar, estean vinculados a factorías de salgadura de peixe. A industria conserveira foi xa naquel entón unha das riquezas da Gallaecia, e que precisaba dunha gran cantidade de sal. As primeiras salinas de produción industrial da ría foron creadas neste

momento, cando boa parte da costa atlántica galaica estaba ocupada por explotacións de sal mariño destinado a abastecer a produción de *garum* e *salsamenta*.

No Medievo o trazado da vía romana foi empregado para o paso de peregrinos dende o sur do antigo Reino de Galicia, partindo de terras que posteriormente conformarían o reino de Portugal, dando así orixe ao coñecido actualmente como camiño portugués. Por esa ruta pasaría Xelmírez, o primeiro arcebispo compostelán, despois de cometer o que denominarían o “pío latrocinio”, aquel soado roubo de numerosas reliquias en Braga no século XII, que só serían devoltas a Braga oito séculos máis tarde, en 1966. O camiño pasa pola hoxe moi modificada ponte medieval de Sampaio, nun punto controlado polo castelo de San Paio de Luto, lugar de numerosas escaramuzas bélicas e dende onde se cobraba o portádego.

“ Durante o Antigo Réxime, Vilaboa pertenceu á xurisdición de Pontevedra, señorío do arcebispado de Santiago de Compostela. Na actualidade o concello está conformado polas parroquias de Bértola, Figueirido, Santa Cristina de Cobres e San Adrián de Cobres, mais en 1821 Cobres e Vilaboa naceron como concellos diferenciados, fusionados a partir de 1835.

En época medieval a enseada vería tempos de constante confrontación, especialmente entre o arcebispado de Santiago e a poderosa casa dos Soutomaior. O río Verdugo era daquela a fronteira sur do territorio da arquidiocese, e neste contexto foi edificada a fortaleza de Castrizán, posteriormente derrubada polos Soutomaior.

Pero a pesar de ser un espazo de conflito, a enseada tamén destaca por ser o lugar onde Mendinho situaría os poemas da súa lírica, na illa de San Simón, que polo momento contaba cun mosteiro, posteriormente saqueado por Francis Drake en 1589 durante a súa contraarmada.

Sedia-mi eu na ermida de San Sion
e cercaram-mi as ondas, que grandes son;
jeu atendendo o meu amigo,
eu atendendo o meu amigo!

Estando na ermida, ante o altar,
(e) cercaron-mi as ondas grandes do mar;
jeu atendendo o meu amigo,
eu atendendo o meu amigo!

E cercaron-mi as ondas, que grandes son;
non ei (i) barqueiro nen remador;
jeu atendendo o meu amigo,
eu atendendo o meu amigo!

E cercaron-mi as ondas grandes do mar;
non ei (i) barqueiro, nen sei sei remar;
jeu atendendo o meu amigo,

eu atendendo o meu amigo!

Non ei (i) barqueiro nen remador;
morrerei, fremosa, no mar maior;
jeu atendendo o meu amigo,
eu atendendo o meu amigo!

Non ei (i) barqueiro, nen sei remar;
morrerei fremosa no alto mar;
jeu atendendo o meu amigo,
eu atendendo o meu amigo!

Biblioteca Apostólica Vaticana, Cancioneiro da Vaticana: 438 e Cancioneiro da Biblioteca Nacional: 852.

Será neste momento, na Idade Moderna, cando se constrúan e exploten as salinas, aproveitando as características litorais e orográficas do Ulló. A pesar de que a explotación do sal foi limitada no tempo, supuxo unha grande modificación da paisaxe mediante a construción de estruturas especializadas para o dominio do mar, así como para a explotación de recursos agrícolas vinculados á granxa do Ulló. Aqueles cambios feitos a cabalo dos séculos XVII e XVIII aínda son ben visibles nos nosos días.

Ao tempo, neste período a enseada de San Simón foi escenario da batalla de Rande (1702), co enfrontamento entre as coalicións anglo-holandesas e hispano-francesas, no contexto da Guerra de Sucesión da monarquía

hispanica. A ría e a enseada foron escena dun campo de batalla no que moitos buques naufragaron e varias poboacións foron saqueadas coas súas conseguíntes mortes e desgrazas. A batalla marcou a historia da ría de Vigo e levou á especulación e á busca dos tesouros das naves. Foi fonte de inspiración para Xulio Verne, que na súa novela 20.000 leguas de viaxe submarina (1869-1870) situou aquí a fonte de aprovisionamento de ouro do Nautilus.



Batalla de Rande.

Mais os enfrontamentos e acontecementos bélicos seguiron presentes no ámbito da ría ao longo dos séculos. No século XIX, durante a Guerra da Independencia, produciuse na enseada un novo feito de relevancia histórica, correspondente coa Batalla de Ponte Sampaio en 1809. Este conflito, á beira do río Verdugo, supuxo o enfrontamento entre a forza formada polas tropas regulares españolas e as milicias populares galegas fronte as tropas francesas dirixidas polo mariscal Ney.

No século XIX unha nova infraestrutura percorrerá o trazado marcado pola Depresión Meridiana, o ferrocarril. A antiga vía creada neste momento segue especialmente visible nos dous viadutos de Redondela, construcións edificadas precisamente para salvar a fosa tectónica de oeste a leste, e comunicar así a cidade de Vigo co resto de Galicia. Un dos enxeñeiros que traballaría no viaduto de Madrid, en Redondela, Augusto Cazaux, faríase con parte do terreo das salinas para a construción dun muíño de mareas.

Tal e como o mar foi escenario de batallas, fonte de recursos naturais e vía de comunicacións, tamén foi o espazo ideal para a propagación de enfermidades. No século XIX a illa de San Simón converteuse nun lazareto para o control de infeccións de tripulantes e pasaxeiros do exterior que viaxaban a portos do Noroeste, e adoptou unha estampa similar á que podemos apreciar hoxe en día.

“ Debido á presenza dos mariscais Sout e Ney comandando ás tropas francesas durante a guerra de Independencia, chegou ata os nosos días o costume de chamarlle Ney ou Sout aos cans.



Instalacións do lazareto na Illa de San Simón (ca. 1910).

A brutal represión exercida polo bando rebelde dende os primeiros momentos da Guerra Civil, levou ao réxime a buscar novos espazos onde concentrar aos represaliados, ante o cheo absoluto dos cárceres comúns. O xa abandonado lazareto de San Simón foi escollido como campo de concentración no período comprendido entre 1936 e 1943. Alí foron enviados numerosos presos políticos, non habendo nin un só concello galego que non tivese un preso en San Simón. Posteriormente chegarían tamén presos de Asturias, León ou o País Vasco.

Dende o século XIX o establecemento de industrias conserveiras na ría de Vigo supuxo a substitución dos antigos métodos de salga pola lata de conserva. Así, acabábase co mundo representado polas salinas

do Ulló, o mundo da salga, onde eran precisas inxentes cantidades deste produto para conservar o peixe, e implantábase a conserva en lata, que empregaba novos sistemas para preservar o peixe, máis eficientes e baratos. Exemplo disto é a marca pontevedresa Cabo de Peñas, de Conservas do Noroeste S.A (Connorsa), en funcionamento e localizada entre Larache e O Ulló.

O devir histórico, os sucesos da ría, o traballo no mar, a pesca, o marisqueo, o traballo nos agros e o desenvolvemento dunha vida de cara ao mar contribuíu á creación dunha historia propia nas vilas do litoral e ao desenvolvemento de sentimentos de cohesión social propios entre as súas xentes. A súa historia, interacción co medio e sentimento grupal conta cun gran valor cultural e etnográfico,

reflectido na comprensión da paisaxe, o aproveitamento dos recursos, a existencia de lendas e tradicións propias, así como a súa fala mariñeira.

As paisaxes do sal do Ulló gardan un cúmulo de historias e sucesos, un patrimonio natural e arqueolóxico de gran relevancia, tralas evidencias das antigas salinas e as xentes que nelas traballaron. Son o reflexo dunha industria salineira que nunca volvería a estar presente no país, un exemplo máis do empeño industrial de Galicia. Quedan hoxe apenas uns sucos, unhas bancas e varios edificios en ruínas, un reto para a preservación dos valores mariñeiros que definiron o devir dos nosos antergos e dos cales debemos aprender, ante un presente que cada vez se afasta máis dos saberes tradicionais.

A TOPONIMIA DO LUGAR

Ulló é un microtopónimo, é dicir, un nome de lugar restrinxido a unha realidade xeográfica menor como podería ser o topónimo dunha fonte, un camiño, unha leira ou unha casa. Os lugares onde se extraía o sal aparecen na toponimia galega baixo a voz común *salinas*, aínda que tamén coas variantes *saiñas*, *sinas* ou *siñas* (As Saiñas en Ribeira, Noia ou Baldaio ou As Siñas en Mougás, Oia). En Portugal reciben tamén o nome de *Marinhas*.

Ulló é ademais un hidrotopónimo pois, o seu nome, segundo os filólogos, está relacionado coa auga. A comarca luguesa da Ulloa, onde gurgulla por vez primeira o río Ulla, tomou o seu nome por metonimia do diminutivo **Uliola*, que debía ser *Ulia*. A documentación medieval recolle as formas *Uliam*, *Uliae* (897) ou *Ulia* (955). Esa formación *Ul-ia*, conformado por (*ul-*) no primeiro elemento sería fósil

da raíz hidronímica indoeuropea **_R* ‘auga’, co sufixo *-ia* que aparece noutros hidrotopónimos de ríos prerromanos como *Nav-ia* ou *Limi-ia*. De *OCULOLU*, diminutivo de *ollo*, podería proceder entón Ulló, tamén escrito con dobre -o (Ullóo) en forma de arcaísmo gráfico nunha vacilación gráfica presente na documentación á hora de referirse ao lugar onde nace auga ou “xunto ao leito fluvial” (*ui-on*). Ulló non é termo aceptado polo

vixente Dicionario da Real Academia Galega. Non obstante, os primeiros dicionarios da lingua de 1858, 1863, 1873, 1900 ou 1926 recollían a acepción de ‘pantano’, ‘embarcadero’, ‘lugar cenagoso’, charco ou ‘islote, vado, zona pantanosa cercana a una isla’. Entendíana como variante de *illó*, si aceptada na actualidade para referirse a ‘lugar onde abrolla a auga nun terreo’ e, por extensión, para terreo moi húmido.



Imaxe das salinas do Ulló nas que se aprecia o seu carácter pantanoso.





03.

HISTORIA DAS SALINAS DO ULLÓ



AS SALINAS. UNHA BREVE HISTORIA DO SAL

As salinas interesaron primeiro aos mosteiros (séculos IX-XIII) polas súas rendas e, con posterioridade, o sal atraeu o desexo dos reis (séculos XIII-XIV) por controlar un comercio con exportacións en crecemento seguindo un eixe norte-sur, especialmente, a raíz dunha maior produción, dende o último cuarto do século XIV, nas salinas meridionais da Península Ibérica. A Coroa de Castela comezou coa imposición de impostos sobre este ramo logo de que Navarra cargase fiscalmente o sal no século XI co *portádego* (transporte) e *albará* (produción). Dende o rei Alfonso VII (1105-1157) régulanse os dereitos reais sobre as rendas do sal (1130). Alfonso VIII (1155-1214) puido arrendar as salinas para abastecer as arcas reais coas súas regalías desentendéndose, en parte, do seu goberno e coidado. Alfonso X O Sabio concedeu dereitos de aduana ao sal (1260) de cara a favorecer a súa importación e o desenvolvemento da súa explotación. Sancho IV (1258-1295)

permitiu a creación de alfolíns ou almacéns de sal á beira das salinas, non expostos á supervisión rexia e, portanto, sometidos á variabilidade local de prezos. O *Ordenamiento de Burgos* (1338) regulou finalmente o comercio do reino de Galicia e dos restantes territorios castelán-leoneses, por exemplo, limitando os portos de descarga ás ribeiras de Viveiro, Ribadeo, Ortigueira ou Baiona. A pesar de que Alfonso XI foi quen declarou en 1386 as salinas como patrimonio da coroa, non foi ata 1409, con Juan II, cando se ordena a creación de

estancos oficiais. O contrabando fíxose común e, en tempos dos Reis Católicos, trázanse sobre o territorio de Castela os camiños legais polos que transportar sal de cara a evitar calquera desvío da norma (1498).

Salinas e alfolís: extracción e custodia do sal

En 1564 o sal é estancado, é dicir, o seu comercio convértese nun ben monopolizado pola Coroa que pasa a controlar a súa exportación. Dende tempos medievais o sal da Península Ibérica era embarcado cara os Países Baixos ou o Báltico.

Qué é un alfolín?

O *Diccionario de Autoridades* de 1726 recolle *alfolí* como tulla, alfóndega ou depósito no que se gardaba o trigo para o abasto público. As Partidas de Alfonso X *O Sabio* (PART. V, TIT. 5, l. 29) e a Crónica do Cid (cap. 130) apuntaban a súa feita en madeira para a garda do pan. Sen embargo, recibían o mesmo nome os almacéns destinados á custodia do sal, sen distinción, entre os emprazados ao pé da salina ou na ribeira dun porto pesqueiro.

No día a día, o sal curaba a carne pero tamén o peixe como a sardiña, ademais de sazonar o pan cocido polas panadeiras nos fornos das vilas. Foi produto circulante de primeiro interese na economía durante toda a historia.

No século XVI, a pesar de que algunhas salinas quedaron en mans da Coroa, a maioría seguiron sendo particulares ou municipais, propiedade de concellos, expostas a prezos variables no seu produto final e con grandes intereses persoais detrás de cada un dos seus almacéns (*alfolín*). Ao

longo deste século, a evolución favorable do sector pesqueiro demandou de máis cantidade de sal que foi preciso ir buscar a Portugal e desembarcalo nos portos das Rías Baixas. Ante a falta de sal abundante e barato, o peixe preferiuse seco ou curado.

Posuír porto e alfolín non significaba bo abasto para a localidade. Dende tempos de Felipe II (1556- 1598) o consumo do sal diminúe ao igual que a súa produción ante o forte gravame ás exportacións. As salinas

eran *labradas* só onde a Coroa o estimaba oportuno polo que a escaseza de sal obrigou mesmo ás panadeiras a tentar amasar con auga salgada. Os vinte alfolíns existentes na Galicia de 1566 non bastaron e, ademais, só vendían sal nas tres medidas reguladas de 2,5 reais (media fanega); un real e cuartillo (un cuarto de fanega) e de vinte e un marabedís e media branca (un octavo de fanega).



A descarga do peixe para secar, salgar ou vender en fresco nas ribeiras era, fundamentalmente, un traballo de carga feminino.

O trato do sal

A persoa encargada de custodiar e administrar o *alfolín* era o *alfolineiro*. O oficio gardaba segredos sobre o manexo do sal nos almacéns a onde chegaba en caixóns pisada ou *atestada*, é dicir, compacta e espesa. Coa axuda de pas, o sal era sacudido e *espolvoreado* de maneira que se gañaba algún que outro ferrado (medida) ao revendelo. No Ulló, á hora da súa venda, os xesuítas de Pontevedra tiveron que acatar as ordes recaídas tamén sobre Sevilla un 21 de decembro de 1706 para que os vendedores tomasen “la sal medida fanega por fanega echando en ella la sal naturalmente con pala y sin violencia”.

GALICIA. UN REINO DEPENDENTE DO SAL

Galicia foi un dos principais consumidores de sal entre os reinos da coroa de Castela. Calcúlase que consumía o 35 por cento da produción total da Península Ibérica, dedicada fundamentalmente ao seu sector pesqueiro, que era dependente do comercio exterior que o viña abastecendo dende tempos medievais. A boa e mellor dispoñibilidade de sal entre os mareantes atlánticos na volta do 1370, bautizada por Juan Juega

Puig como a “revolución do sal”, supuxo o fin das pequenas explotacións salineiras da costa galega en favor, principalmente, das veciñas portuguesas. Carabelas e naos de Setúbal ou Aveiro arribaban ás ribeiras galegas descargando sal e restando presenza ás antigas explotacións medievais. Sabemos da existencia de salinas de orixe medieval no Salnés, comarca que no parroquial suevo do século VI aparece como *territorium saliniense*.

A documentación fala de salinas en Noalla, na Toxa ou na Lanzada, no complexo intermareal Umia-O Grove pertencentes a dominios monásticos como Armenteira, Samos, Celanova ou á abadía de San Martiño Pinario. Para o século XVI boa parte daquelas vellas salinas estaban abandonadas. Os cambios políticos, as novas redes comerciais tecidas e a nova lexislación imposta pola Coroa levaron á súa desaparición.



Mapa dunhas salinas do s. XVIII situadas na desembocadura do río Couira no Miño (Caminha, Portugal).



Salinas ou Marinhas no río Lima (Portugal, século XVIII).

A pesca da sardiña, fronte a outras especies ceciais que podían secarse ao sol como o congro ou o polbo, demandaba deste conservante en abundancia e barato. Dende o *Ordenamiento* de 1338 de Alfonso XI, implántase o sistema dos alfolíns que pasarían a monopolizar o comercio e distribución do sal, maioritariamente chegado de fóra e con prezos á alza, propiciando o contrabando. En 1564 o rei Felipe II procederá a súa nacionalización por medio do decreto do estanco do sal que establecía un prezo de venda único así como un control estrito por parte da Real Facenda e dos seus administradores, nomeados para o reino de Galicia polo San Xoán de cada ano. A situación, que perdurou ata o desestanco de Prim en 1868, non logrou evitar o desabasto, a homoxeneización de prezos pretendida nin que a piratería desaparecese dos mares ou polo menos, non encarecese os fretes dende Andalucía, Francia ou Portugal. Tanto as salinas bretonas como as portuguesas descenderon

na súa produción entre 1574-1576 mentres que as do sur peninsular, de veráns menos chuviosos, entraron a formar parte do abasto de Galicia cando diminuía a produción das outras ou as guerras e tensións políticas freaban a carreira do sal.

Neste contexto, boa parte da fachada atlántica galega viuse na obriga de esquivar a falta de abasto nas vilas costeiras afanadas no arencado do peixe de difícil secado ou de venda en fresco como a sardiña que, en 1631, segundo o administrador dos alfolíns galegos don Luís Ramírez de Arellano, demandaba ata dous ferrados de sal para salgar un milleiro. Tentáronse así reconstruír as vellas salinas medievais de Betanzos, Santa María de Ortigueira, Ribadeo ou Arousa onde, en 1638, a familia Mosquera tiña xa reconstruídas unhas salinas entre San Estevo de Noalla (bautizadas como *La Magdalena* e *San Antonio*) e San Martiño do Grove (*Santiago* do Grove) con “las otras demás, más pequeñas, que están

cerca de la grande y se llaman la una de San Sebastián y la otra de San Martín del Grobe” (A.H.P.PO., 1.040.340). Naquel tempo, a idéntica dependencia de cereal chegado do exterior animaba a plantar nas Rías Baixas as primeiras variedades de *millo groso* ou *americano*. Só unha produción local podería evitar a dependencia na importación.



Antonio Mosquera Villar e o seu fillo Melchor Mosquera de Soutomaior.



PROVINCIA DE GALICIA
DESCRIPCION DE SU SITIO Y EXTENSION
DE SU TERRITORIO
DE SU PUEBLOS Y VILLAS
DE SU COMERCIO Y MANUFATURAS
DE SU INDUSTRIA Y ARTES
DE SU VEGETACION Y FRUTAS
DE SU CLIMA Y TEMPERATURA
DE SU SOLO Y PRODUCTOS
DE SU GOBIERNO Y JURISDICCION
DE SU HISTORIA Y MONUMENTOS
DE SU ECONOMIA Y ESTADO
DE SU DEFENSA Y FUERZAS
DE SU POPULACION Y DENSIDAD
DE SU EDUCACION Y CULTURA
DE SU RELIGION Y COSTUMBRES
DE SU LINGUA Y DIALECTOS
DE SU MONEDA Y PESAS
DE SU MEDICINA Y FARMACIA
DE SU AGRICULTURA Y GANADERIA
DE SU COMERCIO EXTERIOR
DE SU INDUSTRIA Y MANUFATURAS
DE SU INDUSTRIA Y ARTES
DE SU VEGETACION Y FRUTAS
DE SU CLIMA Y TEMPERATURA
DE SU SOLO Y PRODUCTOS
DE SU GOBIERNO Y JURISDICCION
DE SU HISTORIA Y MONUMENTOS
DE SU ECONOMIA Y ESTADO
DE SU DEFENSA Y FUERZAS
DE SU POPULACION Y DENSIDAD
DE SU EDUCACION Y CULTURA
DE SU RELIGION Y COSTUMBRES
DE SU LINGUA Y DIALECTOS
DE SU MONEDA Y PESAS
DE SU MEDICINA Y FARMACIA
DE SU AGRICULTURA Y GANADERIA
DE SU COMERCIO EXTERIOR

O sal en Galicia no século XVIII

-  Salina
-  Alfolín

En 1633 don Antonio Mosquera Villar solicitara ás autoridades do estanco permiso para labrar sal en Galicia. A cédula concedida ao seu favor o 9 de xullo de 1634 permitíalle labrar “la que fuese necesaria para los alfolíes de aquellas provincias pagando a los dueños de los puestos lo que pareçiese valer y que pudiese embarcar la que le sobrase después de proveídos los alfolíes”. Mosquera ofrecera á Real Facenda ata 530.000 reais de beneficios anuais pensando que o sal galego abarataría os custos respecto do chegada de Aveiro. O privilexio tiña por condición primordial o abasto galego ademais de establecer un prezo estipulado en tres reais por fanega durante os primeiros anos. Mosquera comezou a fábrica dunhas salinas no xuncal de Baldaio (Carballo) pero o alcalde maior impediulle continuar na empresa. En xuño de 1648, o Conde de Grajal, señor daquela xurisdición, tentaría obter licenza do Consello da Sal de Castela para recuperar aquela tentativa e construír un alfolín na vila de Caión, a unha legua de distancia. Mentres tanto, Mosquera contrataba na Lanzada, para o verán de 1639, aos marnotos de Aveiro Francisco Antonio, Manuel da Bela, Simón da Rocha e a Domingos da Rocha, seu irmán,

“para fabricar sal como lo fabricaron en ellas los años pasados” (A.H.P.O., 1.040.340). A pesar dos pobres rendementos, a familia monopolizou a fábrica do sal cando menos ata 1678. As Rías Baixas foron o principal escenario das súas empresas.

Compartiron espazo co marqués de Valladares, encargado de poñer en funcionamento outras salinas na desembocadura do río Lagares, na parroquia viguesa de Coruxo, no final do século XVII, e que estiveron en funcionamento durante toda a centuria seguinte. Foille concedido tamén permiso para construír salinas no lugar San Miguel de Oia, en San Bartolomeu de Meira, en no lugar de Barra de Santo André do Hío, e no lugar de Sta. Marta en Santa María de Darbo pero que nunca se chegaron a materializar. Ao norte, a familia Caamaño intentou repetidas veces obter permiso para crear salinas na illa de Sálvora pero o administrador Irazábal negoullo, como en 1789, argumentando que

el terreno y la intemperie de toda la costa de Galicia no son a propósito para hacer salinas como lo ha acreditado la experiencia con varias de las que ha habido por causa de las continuas lluvias y nieblas que se experimentan.

Tamén temos constancia da existencia de explotación do sal nas Mariñas de Betanzos. No verán de 1637, ante o escribán Pedro de Cernadas, fidalgo da casa de Borrifáns, outorgouse o pago duns dous mil douscentos reais de vellón “a la jente que trabajó en la fábrica de las salinas de Bregondo, do dicen El Pedrido, ría desta ciudad” por parte do sobrestante da Real Fábrica de Salinas do Reino don Gregorio de Palacios.



Salinas de Galicia no s. XVIII: 1-O Pedrido (Bergondo); 2-A Arnosa (Sanxenxo); e 3-desembocadura do río Lagares en Coruxo (Vigo)



UNHA EXPLOTACIÓN DE SAL AO FONDO DA RÍA DE VIGO: AS SALINAS DO ULLÓ E DE LARACHE

É posible que o antecedente das salinas do século XVII se atope nun *senalamento* feito sobre o lugar do Ulló a finais do século XVI por peritos portugueses. As orixes son, dalgunha maneira, incertas e descoñecemos o lugar exacto desas primeiras salinas citadas por diversos autores.

De terse feito ese *senalamento*, sería con posterioridade aos anos da fame de 1574-1575 e da crise no abasto do sal que fixo que os prezos na vila de Pontevedra chegasen a ser de ata sesenta reais a fanega. Con todo, a carestía de sal nos anos trinta do século

XVII animaría a don Antonio Mosquera Villar a solicitar licenza para *labrar* sal aproveitando a súa posición como *Administrador General de la fábrica de salinas*. Tomou terras en Vilaboa “a orillas del mar, en los arenales y juncales que ban a su creciente”.

O Padre Evaristo Rivera Vázquez, na súa obra *Galicia y los jesuitas* (1989) ao explicar a orixe do Colexio de Xesús en Pontevedra remítese á dureza dos trámites para establecerse na Boa Vila así como ao empuxe económico dado á fundación polo sacerdote pontevedrés emigrado no Perú don

Que é un *senalamento*?

Un *senalamento* podería facer referencia a unha demarcación, ao trámite feito para deslindar ou delimitar un espazo polas súas características; para distinguilo territorialmente falando doutra xurisdición nunha división administrativa ou, simplemente, para diferenciar a súa propiedade. Na explotación do sal un *senalamento* é o deslinde feito sobre un terreo, a “marca” que distinguía ao lugar como óptimo para emprender unha empresa salífera.

Jorge de Andrade en 1640. A súa aportación de 12.000 ducados de prata de a once reais “libres de toda costa” non se viu amparada ata 1654 por unha Provisión Real de Felipe IV que concedía licenza para o establecemento en Pontevedra da Compañía. Xunto a este apoio, a figura do señor do couto de Vilar de Paio Muñiz (Ourense) e da torre de Guimarei (A Estrada), don Antonio Mosquera Villar e Pimentel foi decisiva, dada a súa influencia e posición na vila do Lérez. Cabaleiro da Orde de Alcántara dende 1638, don Antonio renovou aquela fundación aportando, segundo escritura de 31 de marzo de 1655, ata mil ducados de renda anuais que chegou a hipotecar sobre os seus bens raíces. Entre eles figuraban “los dos sitios del Ulloó destinados para fábrica de salinas” escriturados en 1637

e 1700. Nada apunta que o *sinalamento* se materializase. Xunto a súa muller, Antonia Pimentel de Soutomaior, acabou consignando un xuro por valor principal de 22.000 ducados para sostén económico da nova fundación. Cando Mosquera morreu en 1656, foi merecedor de sepultura baixo o altar maior, do lado do evanxeo, por benfeitor dos fillos de San Ignacio de Loyola.



*Peiraos da Moureira
(Pontevedra).*



As salinas do Ulló no tempo: 1956, 1960, 1970 e 2008.

Daquel matrimonio naceron oito fillos. Don Melchor Mosquera Pimentel e Soutomaior, foi o primoxénito e herdeiro do título e Casa. Accedeu á Orde de Santiago en 1667. Aínda que continuou co protectorado xesuítico de seu pai, mudou xunto a súa nai o xuro da fundación paterna por outro de 817.933 maravedís situado sobre as salinas galegas que el tamén administrou. En 1675 creou un novo xuro de 261.153 maravedís co que pretendeu restar importancia ao pago de impostos que a Compañía debía anualmente á Real Facenda pola extracción do sal. A falta de deferencia aos seus favores por parte da orde, fíxoo perder a fe nos xesuítas. Desamparados da súa colaboración, os relixiosos preitearon na súa contra ata que en setembro de 1692, aos pés da súa torre de Guimarei, don Melchor cede. Entrega o seu dereito de padroado sobre as parroquias de San Xoán de Santeles e Santo Estevo de Lagartóns ademais de entregarlles un xuro novo sobre as salinas valorado en 300 ducados anuais. Non satisfeitos, solicitaron o cambio desta cláusula pola licenza que Mosquera lograra

o tres de xullo de 1679 para “hacer y fabricar unas salinas en los dos Ullós que distan poco más de legua y media de esta villa y están sitios en la feligresía de San Martín de Villaboa, cuyos sitios cubre el agua de la mar en su corriente” (A.H.P.PO. PROTOCOLOS, BERNARDO CABRAL DE OYA, LEG.1141B)

O 11 de maio de 1694, ante o escribán de Pontevedra don Alonso Bernardo Cabral de Oia, Mosquera perdeu como administrador xeral e “perpetuo” das salinas de Galicia a súa “reserva particular” do Ulló nun convenio pechado contra os intereses familiares ao

cederle y traspasarle su derecho para que en los dos sitios que tenía para sí señalados de los Ullós fabrique este Colegio a su costa dichas salinas cumpliendo con las condiciones contenidas en la Real Cédula y por particulares razones que a ello le mueve y tenga cumplido efecto el servicio de Su Magestad desde luego cede todo su derecho en este Colegio por el grande provecho que se le puede seguir según se expresarán en la escritura de concordia que ha de otorgar con este Colegio (*Escritura de pertenencia*. 1694, maio, 11. Pontevedra)

O 10 de agosto de 1698, ante Mateo Rodríguez de Oreiro, secretario de El Rei e primeiro receptor do Reino de Galicia, don Francisco de León y Luna, como alcalde maior, axustou

los sitios de salinas desde luego se combino con el Padre Rector de este colegio y en nombre de Su Magestad le cedió el sitio en donde comenzó a fabricar una salina en la feligresía de Santa Christina dos Cobres en la ría del Ulló a donde llaman Larache. Por parte del oriente limita con la mar, por el mediodía, poniente y norte confina con tierra firme iendo alrededor al puerto de Larache. Así mismo, le da y concede a este Colegio que pueda hazer salinas en la feligresía de Villaboa en los sitios de las Mariñas del Ulló, de Portoamuñños y en la de Porto Agueros según van alrededor de la aldea de Paredes y lo mesmo en las de la bajada de Cacheyro y más que llegan asta la puente de San Paio, cuios sitios son bien conocidos y no se pueden asegurar la sembradura que llevarán ni los medio de fábrica y todos dichos sitios conforme van expresados, el señor oído los da, concede y permite en nombre de Su Magestad a este Colegio con las condiciones que se expresan en la escritura (1698, agosto, 10. A Coruña)

Coa cesión e a propiedade nas mans, os xesuítas aliviaron por un tempo, aínda que moi curto, as súas arcas a conta do sal que explotaron dende finais do século XVII e comezos do XVIII. A crenza de que o sal producía rendas moi lucrativas promoveu outras iniciativas ao longo da costa galega, inzada de proxectos de construción de salinas que, na maior parte, ou ben non se chegaron a materializar ou tiveron vida e produción moi curta.



Monxe xesuíta.

A granxa do Ulló

O 14 de xuño de 1694, o Padre Reitor do colexio de Pontevedra, con asistencia de don Melchor Mosquera e ante o escribán José Rodríguez, tomou posesión

de los dos sitios y terrenos de los dos Ullós de Portoamuíños y Punta de Agueiras sitios en dicha feligresía de Villaboa y junto de la aldea de Paredes. Así mismo, tomó la posesión del sitio y marina del Ulló de Larache (1694, xuño, 14. Vilaboa. Arquivo da Deputación de Pontevedra, Fondo: Salinas de Vilaboa., L.1.4)

Aparentemente sen edificación algunha, a legua e media da vila de Pontevedra, os xesuítas crearon unha verdadeira explotación agrograndeira arredor de

vna casa principal para su administrador con sus cortes, cavallerizas, corrales y avitacion para vn casero y junto a dicha casa ay vn terreno labrantío de viña y huerta con sus árboles frutales. Así mismo, hay otra casa más pequena en que tiene este Colegio puesto otro casero que los dos sirven para administrar y labrar el monte y tierras que en dicho paraje tiene este Colegio.

A súa beira, melloraron as salinas amparados por unha orde do 9 de abril de 1699 que obrigou a “los que tuviesen terrones, tepe y demás materiales” a dalos en prezo moderado so pena de cincocentos ducados. Convertidos nos únicos de Galicia que, entre as súas actividades económicas tiveron a de fabricar e vender sal, os xesuítas puxeron ao cargo do Ulló a un irmán coadxutor nomeado “prefecto de las salinas”. Os pedáneos de Vilaboa, Santo Adrián e Santa Cristina dos Cobres recibiron da xustiza de Pontevedra, en febreiro de 1710, un salvoconduto para que os seus veciños quedasen exentos non só como “marlotos y carreteros” senón aínda como oficiais “que asisten a la fábrica de las salinas”. Entre 1694 e 1709 os xesuítas deberon invertir na mellora da explotación salineira do Ulló, lugar que dividiron en dous e bautizaron como de *San José del Ullo* (Gordenlle) e de *La Cruz* (Portamuíños). Esta última, tamén coñecida como *Salina Vella*, é posible que correspondese con algún dos *senalamentos* orixinais outorgados

“en los dos Ulloos” no século XVII en favor dos Mosquera. Aínda que a familia obtivera licenza para construír as salinas, non temos constancia de que se chegasen a executar. Por outra banda, sabemos que por *San Ignacio* coñeceron ás salinas do Ulló de Abaixo ou de Larache.

En 1709 os xesuítas excedían ao parecer dos veciños con “nueva fábrica de salinas” os límites concedidos para as mesmas polo que os denunciaron ante a Real Audiencia do Reino de Galicia o 30 de agosto de 1709. Foron desoídos. Entre 1710 e 1712 adquiriron e trocaron moitas das terras da contorna coa finalidade de “hacer pieza todas juntas”. En outubro de 1726 a presión sobre o espazo de aproveitamento común do entorno do Ulló remata nun preito entre os xesuítas e os veciños de Vilaboa pola “composición de unos caminos y zanjas de unas salinas” de maneira que “las aguas y abenidas tuviesen curso sin que por ningún motivo se ofendiese a las salinas”. A suposta resistencia e prexuízos ocasionados á Compañía pola desatención veciñal, fai que gañen sentenza ao seu favor en marzo de 1727. Os veciños de Vilaboa foron obrigados a “limpiar el

camino real, zanjas y testeras de sus heredades”. Por aquel entón, as salinas de Larache e Portamiños, segundo o pedáneo de Vilaboa, xa foran arrasadas polos propios xesuítas “y se abandonaron por estériles” polo que só lles estaba “redituando la sal” a de San José. Mentres tanto, aproveitaron o arrendamento do seu xunco, toxo e herba “a otras personas particulares no pudiendo hacerlo por ser el pasto común de los vecinos y sólo a estos se les podía privar estando existente dichas salinas y produciendo la sal”. No lugar do Toural de Vilaboa, o 30 de decembro de 1726, levantouse acta da *visita ocular* feita que atopou

la salina que llaman de San Joseph, sita en esta dicha feligresía y a donde llaman El Ulloo, su banca principal, banquetas, vibero, conductos, juncales y resíos que están y le circundan... dicha banca principal que corre en derechura de norte a vendaul y testa por dicho norte en tierra labradía y jiestal que le divide y está en parte superior, cuyo labradío, según se han informado es del Colegio adquirido de diferentes personas y por el vendaul con tozal y monte que también es de dicho colexio y por la parte que corresponde a la mar, así al nordés, tiene su pared de piedra que la circunda por aquella parte para detener las abenidas

de la mar y por adentro, tepe que yguala y está junto con dicho paredón y su ancho de uno y otro capaz para caminar la gente de a pie sin que por una y otra parte que ocupa dicha banca y zierra con las testas expresadas, aiga camino para la riueramar cuya banca tiene de largo quinientas y treinta y sesi baras de a cinco quartas cada una y dentro de dicha banca se alla la salina donde se fabrica la sal, cuya salina le çircunda una banquetta de tepe y tiene de largo de nordés a traveçia ciento y quarenta y tres baras y de ancho que es del norte al vendaul ducientas y sesenta y siete baras y pegado a dicha salina, cara a la traveçia, tiene su viüero que recoxe el agua salada para la fábrica de la sal, el qual tambien le çircunda una banquetta de tepe y tiene el mismo ancho que la salina y de largo, por el vendaul, çinquenta y quatro baras y que ban en diminuçion dicha banquetta, caminando al norte por este tiene veinte y quatro baras. Y dicha banca principal tiene cinco conductos, el uno para desguazar el agua de la salina, otro por donde entra el agua sala que ba dar a dicho biüero y tiene para ello su sanja por entre dos banquetas por la parte del vendaul y por esta tiene dos conductas por donde salen las aguas dulçes que vaxan por la junquera desde los montes y camino que están a la parte de la traveçia y el otro conducto que está al norte es para las aguas que tambien vajan de dicho

montes y camino para dicha braña y juncal. Y la referida salina y biuero, por el nordés, testa con dicha banca principal y por todas las más partes le circunda los recíos de braña y junquera y por la parte del norte, al último de dicha banca principal, está el afolí donde se recoxe la sal” (A.H.P.O., N.1-167, 1/2)

Escusaron de recoñecer as salinas de *La Cruz* e de *San Ignacio* porque

...una y otra están arruinadas y las bancas y banquetas desmoronadas y la que se llama de La Cruz sin útil ninguno para dicho Colegio ni vezinos y la de San Ygnacio solo puede tener útil en algún junco y pasto no estando cubierta de la mar.

Entre os mananciais e augas daniñas para as salinas revisaron os nacentes da Veiga da Bioca, sen apenas desaugadoiros e de rego “ynundado y llena de broza de junco y hierua”, en semellante estado ao Porto do Río, de “aguas esparcidas por dicha junquera”. Por auto da Real Audiencia da Coruña de 27 de marzo de 1727, os veciños de Vilaboa quedaron encargados da limpeza do Camiño Real, os regos e as

testeiras dos seus labradíos. O xuíz e xustiza ordinario de Pontevedra, don Pedro Pascual de Aldao e Mendoza encomendaríallo “asta entrar dentro de las junqueras de las salinas” dende onde o Colexio debería velar en “dar salida a dichas aguas a la mar”.

O Colexio volvería verse inmerso nun preito cos veciños de Vilaboa ante a Real Audiencia de Galicia en 1728 despois de que tivesen “cerrado algunos comunes” que os veciños consideraban propios e fóra de calquera orde para a fábrica das salinas. A inxerencia da xustiza ordinaria sobre uns territorios dependentes do Subdelegado de Salinas do Reino levou a que a Compañía alzase emenda. Encabezados polo veciño José Boulosa, os de Vilaboa argumentaban que “muchos pastos comunes y en expezial el sitio del Freijeiro, Gordenle, la Varzia, Riueras de Porto Muíños y la de Larache o el monte de Meijueiro”, uns trinta ferrados de pan, eran pastos comúns

“conzexiles y abreuadero de los ganados de dicha feligresía” tomados non só pola Compañía, senón tamén polo escribán José Martínez e outros veciños como Tomé e Simón do Río. Solicitaban a demolición e arraso de toda intervención feita “boluiendo al antiguo estado”. Víronse amparados pola Real Audiencia segundo auto dado na Coruña a catro de setembro de 1727. O 21 de setembro de 1728, a sentenza condenatoria da Real Audiencia daba a razón aos veciños de Vilaboa, a pesar das apelacións dos xesuítas, sobre “demoler todo lo ynovado aunque con el edictamento de reseruar quanto fuese sitio de las salinas”. O *común* debía quedar “libre y abierto”. A Compañía recorrería ante o rei Felipe V que acaba anulando a sentenza ao considerar os “graves perjuicios” da demolición tanto para os xesuítas como para a Real Facenda que viña percibindo medio real por cada fanega de sal producida. Descoñecía os poucos rendementos do Ulló.

OS NOMES DAS SALINAS DO ULLÓ

San Ignacio
Larache; Ulló de Abaixo

San José
Ulló; Punta Ageiros; Gordenlle

La Cruz
Portamuíños

Un almacén para pouco sal

Xunto á casa construída no Ulló destacaríase a presenza dun alfolín ou almacén “en que se meten y encierran la sal que se va haciendo en las salinas”.

Para a súa feitura, como a das propias salinas, o Colexio viuse amparado por despacho do 9 de abril de 1699 que obrigou a “los que tuviesen terrones, tepe y demás materiales” a dalos en prezo moderado so pena de cincocentos ducados.

Más tiene este Colegio otra casa que se llama Alfolí con alguna distancia de las dos de arriba [casa principal e dos caseiros] en que se meten y encierran la sal que se va haciendo en las salinas de este Colegio” (f.248v. orixinal extraído do *Libro Becerro* conservado no A.H.N., L. 684)

Diferentes despachos chegados aos pedáneos de Vilaboa, Santo Adrián e Santa Cristina dos Cobres a través da xustiza de Pontevedra en febreiro de 1710 axudaron a conservar as exencións e privilexios dos veciños de Vilaboa non só como “marlotos y carreteros” senón como oficiais “que asisten a la fábrica de las salinas”. O

nomeamento dos oficiais, aprobado na Coruña o 17 de maio de 1715, gardaba tamén os dereitos dos escollidos a traballar a cambio de “medio real en fanega de sal”.

O 24 de agosto de 1793, ao saír en venda as propiedades xesuíticas, a taxación de Vilaboa mencionaba

Un formal de casa que antiguamente servía para recojer la sal de aquellas salinas. Tasado en quinientos veinte y ocho reales vellón.

Segundo unha nota do *Libro Becerro* dos xesuítas, o estado das salinas en 1737 era “del todo destruídas”. Os beneficios que reportaran ao Colexio deberon ser moi baixos e o arrendamento das terras de labor só supuña débedas por impagos. As salinas estaban cargadas con 120 reais de vellón, pagos todos os anos de réditos á fabrica, pero aquel ano a débeda tamén ascendía a 29.582 reais. En 1736 a produción xa non excedía de duascenas fanegas de sal “quando otras veces davan de 6000 a 8000 fanegas”, dato que, por outra parte, sería probablemente unha esaxeración.

A la décima séptima dijeron que en dicha feligresía de Villaboa y lugar que se nombra de Ulloo hai una salina a la orilla de la ría de Redondela que vaña aquel sitio la qual hes perteneciente al Colegio de la Compañía de Jesús de esta dicha villa [Pontevedra] que la administra por sí y personas de sus órdenes no saven los deponentes el título o privilegio que pueda thener para esta posesión ni tampoco pueden decir la porción de sal a que podrá ascender la que se fabrica en dicha salina un año con otro ni tampoco el valor que pueda thener ni lo que de la sal fabricada corresponde a los marlotos o jornaleros que la fabrican. Remítense a los títulos que presentare dicho Colegio y a la certificación que diere el Administrador de Salina a su contador. También tiene dicho Colegio otras dos salinas arruinadas en la misma feligresía, la una en el lugar de Laracha y la otra en el de Ullo ynmediata a la primera de que sólo se conservan los vestigios en las quales no se fabrica sal de treinta años a esta parte por la demasiada fuerza de la mar y su mala situación y al de presente mantiene dicho Colegio el terreno que ocupaban y los pastos a ellos inmediatos.

(Resposta 17 do *Interrogatorio General* do Catastro do Marqués de la Ensenada, 14 de abril de 1752. A.G.S., L.246)

O ULLÓ NO CATASTRO DO MARQUÉS DE LA ENSENADA

Os terreos comezaron a arrendarse entre os veciños, tanto para o aproveitamento do xunco como para o pasto. O sal do Ulló decaeu mentres no Setecentos a bonanza chegaba ás salinas andaluzas e ás do levante español coincidindo cunha nova organización da renda do sal ou da tentativa por mellorar a súa produción. Con motivo da realización do catastro do Marqués de la Ensenada (1749-1754), en procura de reestruturar a Facenda Pública da Coroa de Castela, o *Interrogatorio General* realizado o 14 de abril de 1754 en Vilaboa, San Adrián e Santa Cristina dos Cobres testemuña o funcionamento da última das salinas “a la orilla de la ría de Redondela que baña aquel sitio”. A pesar de descoñecer o valor e a produción do sal, apúntase a existencia de “otras dos salinas arruinadas en la misma feligresía, la una en el lugar de Larache y la otra en el de Ulló ynmediata a la primera de que solo se conservan los vestigios”. Esta outra destruída, sen dúbida, era a de Portamuíños, da que hoxe apenas

se conserva un muro baixo a estrada de acceso. Nelas non se *fabricaba* sal dende había, a lo menos, trinta anos “por la demasiada fuerza de la mar y su mala situación”.



Cartografado das parroquias de San Martiño de Vilaboa e San Adrián dos Cobres no catastro do Marqués de la Ensenada. Detalle da contorna da granxa do Ulló, A.H.P.O., MP 1 - 3 - 1/5.

O ULLÓ ANTE A EXCLAUSTRACIÓN DOS XESUÍTAS

En 1767 o rei Carlos III promulga unha pragmática sanción que expulsaría do Reino á Compañía de Xesús logo de ser acusada de participar ou instigar os motíns do ano anterior (*Motín de Esquilache*). Os seus bens foron requisados e pasaron a formar parte da Real Facenda. No momento da exclaustación, os bens de Vilaboa paraban arrendados nas mans de Francisco Pérez e da súa muller Jacinta do Río. O proceso de liquidación dos bens, en mans da *Junta de Temporalidades*, comezou en 1783 coa celebración de poxas públicas que quedaban desertas para a granxa de Ulló dado o seu estado de abandono, a baixa produtividade das súas terras e a pretensión dos veciños de Vilaboa por recuperar unhas terras que consideraban do común como baldíos da súa parroquia. O valor de venda dos bens de San Martiño de Vilaboa ascendía aos 10.000

reais. Unha cantidade excesiva se consideramos que o valor da súa renda era de apenas 72 reais. O alfolín que “servía para introducir la sal que se hacía en las salinas que están inmediatas quando tenían uso” estaba “arruinado enteramente por estar contiguo al mar”. As Salinas Vellas de Larache, para entón, presentaban un terreo “predominado de la mar que le vaña diariamente”. Entre 1783 e 1793 ninguén se quixo facer coa propiedade por moito bando pregado en Pontevedra, Tui, Vigo ou Vilaboa. No verán deste último ano só quedaban das casas da Granxa os *formales*. A finais de 1793, despois de reducirlle varias veces o prezo ata máis dunha cuarta parte da taxación orixinal, o comerciante e xuíz de Pontevedra don Bernardo José de Mier, aproveitando a súa posición como comisionado administrador dos bens do Colexio,

fai “formal postura” e adquire os terreos a cambio de 31.883 reais coa cláusula de que o valor incluíse “los tres terrenos que oy se hallan inútiles y fueron salinas”

La **casa principal** que tiene de fondo o largo cincuenta y seis quartas, de ancho treinta y cuatro y media. Su alto veinte y seis quartas por cuja medición componen treinta y dos brazas y media y quarta parte de otra que regula cada una de dichas brazas de a diez quartas en quadro a cincuenta y seis reales de vellón que suman la cantidad total de **mil ochocientos treinta y cuatro reales de vellón**.

It. Haviendo reconocido una especie de **chiminea o fogón** y un **lugar común** que se halla yntroducidas entre paredes regula su valor en setenta reales vellón.

It. la entrada de la casa principal tiene dos pasos, patín y pasamanos todo ello bastante deteriorado y le da de estimación ochenta reales de vellón.

La pared que divide las **dos bodegas**

de la casa tiene dos brazas y media que regula cada una en veinte y seis reales que hacen sesenta y cinco.

It. Los fierros que actualmente tienen las tres ventanas los regula en quarenta reales de vellón.

La **segunda casa** tiene de fondo o largo cinquenta y seis y de ancho treinta quartas y su alto de veinte que hacen diez y ocho brazas y quarta parte de otra que regula cada una en quarenta y ocho reales vellón y su total ochocientos setenta y seis.

Una división que separa dicha pared tine cinco brazas de cantería de a diez quartas, cada una en quadro, ynclusos unos pasos de escalera por donde se sube, por cuiá razón aregla cada una de dichas brazas y pasos a veinte y ocho reales de vellón que hacen ciento y quarenta.

Un **horno** que sirbió para cozer pan y oy se halla deteriorado y su piedra la regula en veinte reales de vellón.

... unos **formales de casetas o**

cavallerizas que parte de ellas subsisten y lo restante están arasadas y dentro de dichos formales se halla también una lagareta arruinada todo lo qual y sus materiales tasa y regula en ciento y cinquenta reales.

Pasó también a reconocer el **formal de la casa** que antiguamente servía de **alfolí**, la qual tiene de largo setenta y ocho quartas, su ancho treinta y dos y su alto catorze, cuias paredes componen diez y seis brazas quadradas de diez quartas que hacen el total de **quinientos veinte y ocho reales**.

Así mismo pasó a reconocer una especie de un **torreón de piedra** que se halla entre matorrales de el terreno que poseieron los regulares que la parte que le corresponde a las temporalidades aregla su valor en ciento y cinquenta reales.

Uns mil seiscentos dezaioito reais en traballo de madeira, a ollo do mestre Boullosa, de la casa principal sita en dicha feligresía de Villaboa, la qual tiene de largo sesenta y dos quartas,

de ancho treinta y quatro y media y su altura veinte y seis por cuiá mensura tiene quarenta y un moios y medio de texa que aregla el precio de cada moio o sesenta pares de texa de que se compone al precio de ocho reales de vellón que hacen el total de trescientos treinta y dos reales.

La ripa del techo la aregla en diez y seis dozenas y cada una a tres reales que ymportan quarenta y ocho.

Diez dozenas de cangros cada una a seis reales hacen sesenta

Treinta piezas de madera en la armazón o techo de tercios, contras, aguieiros, cumes y padeales que aregla uno por otro a seis reales que componen el total de ciento y ochenta.

Seis piernas de tixerax de castaño y otras dos de pino que regula en quarenta y quatro reales.

Quarenta y siete pontones que se hallan para sostener el faiado cada uno a dos reales que ymportan noventa y quatro.

El faiado de dicha casa se halla la

maior parte deteriorado y pasado por su antigüedad y solo aregla algo de las tablas que pueden tener utilidad para obra en ochenta y quatro reales.

En la armazón se hallan tres vigas las que arregla en treinta reales cada una que hacen noventa.

Así mismo reconoció la divison de la sala y la que divide las dos alcobas que se hallan en ella y todas sus tablas muy deterioradas que quando más podrán valer al sumo sesenta reales.

Las dos ventanas para cerrar las de las alcobas aregla en veinte reales.

Las dos puertas para cerrar dichas alcobas, las aregla en quarenta y quatro reales.

Tres ventanas fabricadas de poco tiempo a esta parte las regula en sesenta y nueve reales.

Más la puerta de la alazena y otra ventana chica la aregla en veinte y quatro reales.

La puerta de la entrada con todos sus herrajes la regula en quarenta y seis reales.

Otra puerta usada con su herrage la balua en veinte reales.

El piso de la sala principal que se halla de poco tiempo echo de nuebo regula su tablado en trescientos y quatro reales.

El piso de las dos alcobas por estar todo usado y mal reparado regula su valor en diez y seis reales.

Más los pontones de todo el piso lo regula en ciento veinte y ocho reales

Las dos vigas del piso las regula cada una en treinta reales que hacen sesenta de vellón.

Una puerta de la bodega la regula en quarenta y quatro reales.

Otra puerta que diuide la segunda bodega la regula en treinta y tres reales.

Haviendo pasado a la segunda casa terreña en donde se halla la cozina y

un quarto de piso, halló tener de largo cinquenta y seis quartas, su ancho treinta, la qual casa regual tener de teja treinta y tres moios que a ocho reales cada uno ymportan ducientos sesenta y quatro.

Más catorce dozes de ripa cada una a tres reales que hacen quarenta y dos.

Nuebe dozenas de cangros a seis reales cada una que hacen cinquenta y quatro.

Veinte y seis piezas de distintos tamaños que mantienen la armazón o techo, ciento treinta y dos reales.

Dos piernas de tigera de castaño a ocho reales cada una ymporta diez y seis.

Otras dos piernas de tixera de pino o seis reales cada una ymportan doze reales.

Una viga de la armazón su valor diez y seis reales.

Otra de la cozina en su armazón que regula su valor en diez y seis reales.

Una ventana nueva diez y siete reales.

Otra más pequena que aregla en catorce reales

Una puerta nueva de la entrada de la casa treinta y tres reales.

Otra puerta nueva de la bodega treinta y ocho reales.

Otra usada, doze reales.

El piso del quarto alto por su antigüedad y mal reparado lo regula en sesenta reales.

Diez y nueve pontones de su piso a dos reales y medio ymportan quarenta y siete reales y diez y seis maravedís.

Las dos vigas del piso regula en treinta y dos reales.

Por razón de clavazón doze reales.

En canto ao terreo, sen utilidade algunha por parte do seu anegamento, considerouse “el terreno que llaman de las Salinas Viejas en el que se apodera el mar de todo él quando

llena” así como o gran espazo “que antiguamente sirbió para la fábrica de la sal” de sembradura cento e oitenta e catro ferrados que incluían o terreo do alfolí ou, mellor dito, do seu *pardiñeiro* (ruínas). Desá superficie recoñece “se apodera el mar quando llena” uns cento vinte e seis ferrados “por las roturas de la banca que la divide” quedando o resto “poblado de junco y otra yerba que en este país llaman carrizo”. Valóranas en 5560 reais. A Xunqueira de Portamuíños, producindo tamén xunco e algún pasto, a pesar de verse comida polo mar “que pasa por ensima de un edificio de una banca muy antigua que la divide”, valóranlle corenta ferrados e sete concas con certo produto de utilidade.



O rei Carlos III.

A RUÍNA DO ULLÓ NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XVIII

En Galicia o clima xogou en contra da explotación salineira. As cuantiosas chuvias de 1763, as de maio de 1768 ou as de abril de 1769 provocaron que as enchentes acabasen coa banca do oeste, arruinada en 1786 a pesar do seu groso muro de pedra e un paramento a xeito de *tepe* ou terróns apisoados que lle servían de contraforte ou *malecón* en forma de talude. O caseiro da granxa, Francisco del Río, deu conta ás autoridades como “en el día cinco del presente mes que corre [diciembre] amaneció la banca de las salinas arruinada y destruída la más de ella en parte con boquetes que caben dos o tres carros a par”. As “fuerzas tempestades de vientos y aguas” experimentadas entre o cinco e doce de decembro de 1786 converteron o mantemento das salinas en “obra costosa”. Así o declarou o canteiro Pedro Candendo, natural de Santa María de Mourente, ao inspeccionar como coas subidas da marea a inundación do complexo era total

la qual es una línea murada desde el norte al mediodía que comprende quinientas sesenta y dos varas y media de largo y el paredón de cantería. Por la parte de avajo tiene algo más de ocho cuartas de grueso y a la parte de arriba algo más de seis y este paredón tiene arrimado para sostenerle y resistir las crecientes del mar una gran porción de tepe puesto en forma de muro calcado con mazon y toda fuerza de grueso de unas diez cuartas que junto con las seis del paredón hacen el grueso o ancho de diez y seis cuartas. Y su altura es de otras catorce cuartas.

Aquel era traballo de uns quince mil reais e só posible no verán. Agustín Faro como maiordomo de Vilaboa xunto aos veciños Antonio do Río e Julián da Regueira certificaron o mal estado aínda que reducindo o valor da obra aos oito mil reais. Dende a Real Dirección, don Juan Antonio Archimbaud y Solano, a 31 de xaneiro de 1787, preferiu concluír que “a su tiempo tomará la devida providencia”. En setembro de 1787 a salina seguía “en el aire”. Outro temporal en xaneiro de 1856

provocaría unha maior ruína no *murallón* “que sostiene las aguas de la mar”. Os arranxos presupostados polo canteiro Miguel Antonio Paz o 7 de febreiro de 1856 ascendían daquela a sete mil reais

Por la longitud de 1611 pies que multiplicados por 12 que tiene de ancho el murallón hacen un total de 19332 debiendo ser estos rectificadas la profundidad de 3 pies en algunas partes y en otras de seis por haber ronpido las aguas por muchas y diversas partes (5500 reales).

Por la rectificación de tres caños que tambien arruinaron las aguas (500 reales)

Yden por 42 pies de longitud multiplicados por ocho de ancho que hacen un total de 336 del murallón que sostienen las augas del río titulado del Alfolí y horando la profundidade un gran oyo que yso el agua (940 reales)

Yd. por 3 brasas de pared que tambien se arruinaron y cayeron en la muralla de la guerta junto al aira (70 reales)

Unha caseira en pé de guerra: Manuela Pérez

En setembro de 1788, Manuela Pérez, viúva de Francisco do Río, caseiro do Ulló, queixábase sobre a inutilidade dos pastos ante a inundación do terreo por causa dunha banca rota. Sen produción algunha, viña pagando por aquel baldío de pasto en cada ano cincuenta e cinco ferrados de millo e vinte e dous e medio de centeo. A eles sumábanse seiscentos reais en diñeiro. Como “muger pobre y castigada de familia” rexeita a renovación do arrendamento a non ser que se lle reducisen os pagos debidos. Estaba disposta “a dejar los bienes y se marchaba por el mundo aunque fuese pidiendo una limosna”.

Cando en 1789 Manuela abandona o Ulló, a pesar de reducirlle na renda catrocentos reais, ninguén se quixo facer cargo da granxa. A ruína estaba asegurada. O 25 de agosto de 1789, despois de varias convocatorias fallidas, arréndase a propiedade por seis anos a cambio de oitocentos reais despois “de hauer padezido

mucha ruína la banca que defendía el terreno de las Salinas”. En nome do común de Vilaboa, acataron por forza ese arrendamento o pedáneo Domingo de Novas, Ramón González, Julián da Regueira, Antonio Garrido, José Iglesias e José Benito do Río. Cultivarían a terra “para que reciba aumento” e non poderían “cortar o talar árbol alguno por el pie si sólo derramarlos en tiempo oportuno y estando las maderas sazonadas”.



Manuela Pérez.



O documento de compromiso de 1789 foi asinado só polos representantes dos veciños que sabían escribir.

O DESAMPARO DAS SALINAS AO LONGO SÉCULO XIX

O 22 de novembro de 1814 o mestre escola, cóengo da catedral de Santiago e prior de Santa María de Sar, don Pedro de Acuña Malvar (1755-1814), natural de San Martiño de Salcedo, deixaba en testamento o seu desexo de que “si bolbiesen a estos dominios los jesuítas se les restituirá toda la posesión que tiene S.E. en el Ulló de Villaboa” debendo recuperar don Juan Urtauz “un establecimiento en ella a su gusto y satisfacción”. Sen saber como parou unha parte do Ulló nas súas mans, da granxa restaba a casa “antigua que quedó de los Padres de la Compañía” aínda que “deteriorada de bentanas y cristales desde los franceses”. Exceptuando as cortes e a casa do caseiro, do resto do complexo como a cabaleiriza ou a *cochera* “no ai más que las paredes de cantería pues se arruinaron los tejados y puertas”. A pesar da posibilidade de retornar en 1815, as forzas políticas do Trienio Liberal (1820-1823) volveron expulsar aos xesuítas. Quedaba do

complexo do sal “un mal círculo a la orilla de la mar que en figura de martillo por dos partes la dividen y detienen dos bancas de piedra”. Na Xunqueira, por suposto, xuncos “que se benefician para capas de los labradores para las aguas y otros para esquilmos”. As Salinas de Larache, formando parte tamén do patrimonio do cóengo Acuña, estaban completamente arruinadas e “les entra la mar en sus crecientes por lo que el suelo todo es fango”.

Señores e señoras para unha Granxa

Ao longo do século XIX coñecemos o nome doutros propietarios principais no Ulló. Entre as terras, o vigués don Ramón Buch adquirira “una junquera, un pedazo de laguna y un pedazo de terreno dependiente de la Granja del Ulló” por uns 8100 reais. Aquela cantidade, por cesión, foi enfrontada por dona María Fernández Molina segundo cartas de pago conservadas de setembro de 1842, novembro de



Rapaz cunha coroa de xuncos, Ruth Matilda Anderson, Lalín (1926).

1843, xullo e setembro de 1845, outubro de 1846 e novembro de 1847. A propiedade figuraba a seu nome segundo escritura do 26 de novembro de 1841. Finada dona Manuela Fernández Molina o 8 de outubro de 1877, xa viúva de don José Villoch, herdan os seus fillos Federico e Constantino, este último falecido o 26 de novembro de 1878 e casado con dona Petra Urrutia e Yllarramendi. A filla deste

matrimonio, dona Manuela Villoch, herdará de seu pai a metade do xuncal e lagoa de Portamuíños. A outra metade tocara por testamento a seu tío Federico. Asentados na Coruña, aínda que naturais de Deusto (Bilbao), dona Petra tentaría vender os bens do Ulló - “en estado ruinoso”- a sabendas de que a súa filla nunca se interesaría por eles ao “tener su residencia y modo de vivir en Bilbao”. Permitida a venda en xaneiro de 1880, ante notario e por medio de subasta pública, publicouse a convocatoria en *El Anunciador* e en *El Lérez*, a efecto de realizar a poxa o quince de agosto. Entre as licitacións recóntanse as ofertas de don Carlos Gastañaduy Cobián (10.010 reais) en nome de don José Nazario Arana de Zaragoza, segundo escritura de 17 de febreiro de 1880. Neste trasfego, a parte de don Federico Villoch Fernández Molina é adquirida por oito mil reais polos veciños labradores de Vilaboa Manuel González Farto, José González Boullosa, José

Ramón Conde Fartos e Manuel Conde Diéguez. Os oitenta ferrados, escriturados o 23 de agosto de 1880 lindaban “al norte Juan Mata y la entrada de dicho río, sur la ribera mar y una banca que es la misma finca, este Damiana Novás, Diego Valladares y otros y oeste granja del Señor Marqués de Arana”. A propiedade non foi reunificada ata que os veciños revenden a súa parte a don José Nazario Arana ante o escribán Valentín García Escudero o 15 de setembro de 1880. Seu pai, Juan José Arana, adquirira en maio de 1840 unha primeira quinta parte da Granxa, completa con tres pagos doutra oitava parte pagada o 23 de maio de 1840. Dende a morte deste o 21 de febreiro de 1854, seu fillo José Nazario Arana viña agrandando a propiedade ata facerse con toda ela.



Don José Nazario Arana (1887).

O goberno da Granxa do Ulló

En 1868 existía aínda no Ulló a figura dun arrendatario ou administrador. Aproveitando as súas ausencias, os veciños de Vilaboa accedían á propiedade para o aproveitamento do argazo (coñecido localmente como *bocho*) “que deja el mar en sus crecidas y las que colocan provisionalmente sobre el mismo malecón por permitirlo su solidez y anchura”. Sobre o muro da banca formaban o que no Baixo Miño denominan *sedas* ou tendais onde estiraban a secar argazo ao “rocío

de las salinas” antes de proceder ao seu transporte en carros, cara as leiras onde servían de esterco, aproveitando que “hay formada una rampa desde muy antiguo en uno de los extremos de su murallón de sostenimiento”. Estaba no extremo sur, ao fin da bancada exterior da salina. No verán de 1867 o administrador do Ulló Prudencio Dios solicita ao comandante militar de Mariña a prohibición do seu aproveitamento. O asesor José María de Vargas, dende Vigo, desestimaría a solicitude -tachada

de *viciosa*- a sabendas de que “nadie tiene derecho de exclusiva para recoger el alga que la mar arroja en las playas”. O cabo de mar Diego Sobral, asemade, consideraba que o caseiro carecía de todo poder de privar o aproveitamento daqueles rebosos “que trae la mar de muralla afuera”. De muralla a dentro, estando aberta por varios puntos e quedando argazo no seu interior, bastaba pechar o portalón de acceso ao Ulló para impedir o paso dos veciños de Paredes. A causa quedou desestimada.



Mulleres recollendo o argazo na Guarda.



Recollida do argazo na praia da Cuncheira de Baiona.



A segunda idade de ouro do Ulló

Por poder outorgado en Madrid o 12 de novembro de 1870, don José Nazario confería ao veciño de Pontevedra don Prudencio Dios a capacidade para administrar no seu nome os bens e rendas existentes en Galicia como representante “sin ninguna limitación ni reservación”. Comezan dende entón unha serie de proxectos na procura de mellorar o rendemento e produtividade dos terreos do Ulló que, na segunda metade do XIX, paraban en mans dos caseiros Benito Casal Garrido e a súa nai, veciños de Vilaboa. A correspondencia conservada entre o administrador e o señor Arana demostra a necesidade de mellorar o estado das terras, abandonadas ou sen traballar, de cara a convertelas en

viñedos e os seus montes en soutos de castiñeiros ou piñeirais. A plantación de viñas pretendía chegar a producir entre vinte e cinco e trinta pipas de viño. Un *Memorial* remitido arredor de 1873 buscaba converter tamén ao norte os terreos en prados de herba para cría de gando e o territorio circundante ás casas aproveitarse para hortalizas e legumes. Xunto a un criadeiro de aves, incluíase un viveiro de peixe aproveitando que en

los siete trozos del juncal hay seis campos que forman pequeños riachuelos; estos deben limpiarse con frecuencia para que no se obstruyan por el fango y por el junco. A la invocadura de estas zanjias o sea a la muralla que separa el juncal de la mar deben abrirse otras tantas puertas que se cerrarán con rejas de hierro a las crecidas de la mar se suben estas hasta la altura

conveniente para que entren las aguas con franqueza.

A xunqueira abandonaría o xunco polo salgueiro “cuyas plantas además de producir buenas maderas para los viñedos de parra absorben la humedad del terreno”. Pretendía sementar millo. As reformas chegaron tamén á casa, dotada de oratorio privado, e ás súas construcións anexas con corte incluída

he puesto de piedra de perpiaño la parte de ventanas por donde el ganado come en la pesebrera y también las divisiones de cada estancia para cuatro bueyes. Todas estas estancias tendrán su desahogo a un caño general que darán a la fachada de la huerta.

O primeiro de maio 1874 o canteiro de Vilaboa Isidoro Núñez comprometéase, nun prazo de

corenta días, á execución da obra taxada en cinco mil catrocentos noventa e cinco reais despois de ser desestimada a oferta do canteiro Antonio Barros. A seguridade, a economía e a adaptabilidade das construcións eran unha das preocupacións de Arana, meticuloso no estudo dos distintos espazos. A desigualdade dos capiteis das

columnas que soportan a lareira, sen embargo, foi imposible de igualarse durante a intervención onde parece que se desoíron as recomendacións previas de Arana

respecto a la reparación de la chimenea en la casa principal apoyándola sobre otra columna, estoy conforme en que pueda desacerse toda la parte de mediodía desde el mismo tejado hasta

los cimientos excepto lo que coge la caja de la misma chimenea y convendrá que la columna que se ponga en el ángulo donde hoy está la pared que sea parecida a la que existe en el otro, a no ser que el peso exija mayor grueso (1874, febreiro, 5. Zaragoza)

Sabías que...?

“ A bodega da granxa, nas obras de 1874, foi adaptada para a instalación dunha prensa de uva industrial, de ferro fundido, chegada dende a fábrica de Pamplona de Pinaqui y Sarvy. Arana argumentaba, nunha das súas moitas cartas que, aos poucos, quedarían “abolidos los lagares” (1874, maio, 12. Zaragoza). As novidades chegaron mesmo á propia intervención, empregándose por primeira vez “un aparato para barrenar piedra, publicado en Francia por Mr. Laferrier que abrevia y facilita el trabajo”.

CASA DOS CASEIROS

- ① COCIÑA
- ② LAR
- ③ FORNO

CASA PRINCIPAL

- ④ ADEGAS 1
- ⑤ ADEGAS 2
- ⑥ COCIÑA
- ⑦ RETRETE
- ⑧ FORNO
- ⑨ LAR
- ⑩ LAGAR
- ⑪ ADEGAS 3

EXTERIORES

- ⑫ POZO
- ⑬ PATIO
- ⑭ GALIREIRO



A Granxa das salinas do Ulló.



Interior da antiga cocina coa lareira e a súa gran campá ou cambota.



A Granxa nos últimos anos do século XIX

Dende 1877 a granxa mellora a súa accesibilidade grazas ás obras no camiño veciñal de Porta Muíños. A intervención, a cargo do mestre de cantería Isidoro Núñez Gómez, veciño de Tenorio, superou as 1057 pesetas que, en parte, foron subvencionadas pola Deputación Provincial por acordo do 31 de xaneiro de 1877. A obra supuxo o desmonte da terra lindeira do camiño, a construción de muros de cachotería en seco ou a feitura de gabias para desaugadoiros cos seus sumidoiros en pedra ao longo do trazado. Os tempos cambiaran e os medios de transporte, aos poucos, tamén.

A escasa documentación conservada sobre a Granxa para finais do século XIX impídenos coñecer como foi a transmisión

do Ulló unha vez falecido José Nazario en 1887. Nun principio herda todos os bens a súa dona Elisa Pacheco. Unha peritaxe do agrimensor e perito de Pontevedra don Francisco García Castro, a instancia do administrador do Ulló, consideraba o emprazamento “en una de las mejores zonas que constituyen el valle de dicho término”, abrigado dos ventos do oeste e do noroeste, a dous quilómetros das estacións de Figueiredo e de Arcade ou a douscentos metros da vía férrea. Sobre a súa terra dixo estar

destinada a los cultivos y aprovechamientos agrícolas de cereales, asociado al de la habichuela, huerta, prados naturales y artificiales y pastizal, bosques de pinos y robles, trepezales de sauces alisos y abedules, de castaño y roble con el accesorio que constituye el monte alto y bajo respectivamente viñedos en parra, produción espontánea de junco y,

además, carretera general de entrada en la que enlazan otras vías de servicio, carril y senda para toda la finca, ríos que la cruzan y fertilizan en una buena parte en sus crecidas o avenidas de alubion que constituyen el principal carácter de la finca.

Entre os catrocentos setenta ferrados de terra, recontábase a casa principal de dous corpos con patín cuberto, a capela na honra da Virxe instalada no piso principal e unha planta baixa reservada para a cociña ou a bodega “en la que se halla montado un moderno lagar de desmontar vino”. Fóra restaban dous cobertizos soportados por columnas pétreas formando ángulo coa eira exterior arredor da que se abrían “gallinero, cochera, cuadra para caballos y portalón de entrada”. Nas proximidades estaba tamén a casa dos caseiros e as cortes, “instaladas estas como lo determinan las buenas reglas de la higiene animal” xunto a dous hórreos de cantería de dez

tornarratos e pombal. As Salinas propiamente ditas quedaran, mentres tanto, “a la produción espontánea de junto en su mayor parte y en una pequena a trepeza de alisos”.

Aínda que descoñecemos o procedemento da compra e venda, nos anos finais do século XIX fíxose coa propiedade do Ulló o enxeñeiro francés Felipe Auguste Cazaux, encargado das obras do ferrocarril ao seu paso por Redondela (viaduto de Madrid, 1876) ou sobre o río Miño en Tui (Ponte Internacional, 1885). Á súa iniciativa atribúese a construción da banca sur, coñecida popularmente como *Banca de Casó*, empregada para facer funcionar un *muiño de maré*. Tamén proxectou unha fábrica de salgadura, que se realmente chegou a estar construída e funcionando, a súa actividade foi desde logo moi efémera. Sobre a adquisición daquelas terras fíxose eco a prensa da época segundo

podemos ver nunha columna do *Diario de avisos de La Coruña* de xaneiro de 1887:

El acaudalado e inteligente ingeniero francés Sr. Cazaux, contratista que fue del puente internacional del Miño, piensa sanear las marismas que posee en el Ulló y establecer allí una bien montada fábrica de salazón y conservas. Dada la posición social de dicho señor y el amor al trabajo que tanto le caracteriza, no dudamos que realice en breve su proyecto; con cuyo motivo la gente menesterosa de Puentesampayo y Vilaboa hallarán a las mismas puertas de sus casas un medio seguro para ganar un jornal y hacer frente a sus necesidades. Por de pronto, ya se están continuando ciertas obras preliminares, interrumpidas por una cuestión judicial que se resolvió al fin poniendo al mencionado Sr. Cazaux en el pleno goce de sus derechos.

(*Diario de avisos de La Coruña*, Año XVII, Número 8598. 1887, xaneiro, 24. A Coruña)



O enxeñeiro francés Felipe Auguste Cazaux.





04.

O FUNCIONAMENTO DAS SALINAS

Non é fácil contar a historia das salinas do Ulló. O tempo levou consigo boa parte das estruturas e apenas quedan vestixios para enxergar as partes que as constituían e intentar comprender o seu funcionamento. Pouco nos contan os escasos restos que observamos sobre o terreo. As fontes escritas, que reparan en cuestións relacionadas cos propietarios, as herdanzas e as transmisión patrimoniais tampouco son de gran axuda para entender como se traballaba nas salinas. O que si podemos facer é acudir a outros centros salineiros, como os de Aveiro ou Figueira da Foz, que nos ilustran dos detalles do sistema de produción do sal e dos coidados que demandaba. É nas modernas salinas atlánticas do norte de Portugal onde temos o paralelo máis certo para entender as paisaxes do sal do mar de Redondela.

Tanto as dúas salinas do Ulló (as de La Cruz ou Portamuíños e as San José ou Punta Agueiros) como

as de Larache (tamén coñecidas como de San Ignacio) sitúanse dentro de enseadas que quedaban pechadas por cadanseu valado de terra, que nas fontes antigas é descrito como muro de “tepe” que, ademais, estaba reforzado pola cara exterior por bloques de cantería. Este valado protexía o espazo de cultivo do sal das mareas e das marusías, servindo tamén para regular a entrada e saída da auga.

En Larache, ese muro é o único vestixio que se conserva da salina aínda que, actualmente, moi deteriorado. A enseada que gorece o complexo salineiro sitúase nun punto da ría moito máis exposto que o das salinas do Ulló, por iso foi necesario construír un muro de máis entidade, cunha ampla base de perpiaños de granito. Logo do abandono, toda a área interna da salina foi ocupada e arrasada polo mar, quedando o valado de terra totalmente erosionado. O que hoxe se conserva é pouco máis que a base de pedra do paramento.



Salinas de Larache.



Muro de peche das salinas de Larache.

As salinas de Portamuíños son as peor coñecidas e tamén as peor conservadas. Cabe a posibilidade de que aquí se localizasen aquelas *salinas vellas* das que fala a documentación e das que nada sabemos. O certo é que para o primeiro cuarto do s. XVIII xa estaban arruinadas. Hoxe tan só

se mantén o muro que pechaba as salinas, sobre o que discorre a actual estrada. Alén da bancada, un rego baixa pola marisma, e nada deixa entrever no medio dos xuncos que alí existisen algunha vez unhas instalación para a produción do sal.

En troques, nas coñecidas na documentación como salinas de San José as estruturas de peche están ben preservadas e dan unha idea moi precisa de cal sería o seu aspecto orixinal. Son dous muros. Un limita a salina polo L e serve de defensa contra o mar da enseada. A visita ás salinas do Ulló desde o aparcamento realízase percorrendo este valado. Ten unha lonxitude de 500 m e un ancho de algo máis de 5 m. Está construído en terra e polo seu lateral exterior conta cun reforzo de pedra, parte levantado con perpiaños e parte con cachotería. Sabemos polas fontes que este muro sufriu diferentes danos ao longo do tempo e tamén sucesivas reparacións. Esta estrutura separaba a salina do mar e era imprescindible para regular a entrada das mareas.

Se a súa integridade se vía alterada, a propia viabilidade da salina quedaba comprometida xa que se o mar invadía o espazo de traballo, estragaba os estanques de cultivo do sal. O muro conserva hoxe dous vans, un no extremo norte e outro na parte central. Servían para introducir a auga do mar na salina e para escoala logo do tempo da colleita. O informe do ano 1726 conta que ademais das comportas de entrada e saída, había outras tres que servían para canalizar os regatos de auga doce que descían cara a salina e que, de non ser coidadosamente encanados, poderían chegar a estragar a produción de sal. Os estragos no muro ao longo do tempo e as diferentes reparacións son probablemente a causa de que tres deses cinco canos hoxe non se conserven. O segundo muro funciona de peche polo O e servía para definir o espazo das salinas, ao tempo que protexía o interior das escorrentías de auga doce que chegaban desde as ladeiras da enseada. Fórmase por unha lomba

de terra e ao igual que a bancada L ten unha lonxitude de uns 500 m e un ancho aproximado de 5 m. O camiño ata a granxa desde a estrada actual discorre sobre este antigo muro.




Salinas do Ulló.



Muro de peche das salinas do Ulló.

A salina do Ulló ocupa unha área rectangular de aproximadamente 8 ha. O certo é que pouco queda do antigo complexo de produción de sal e non é doado facerse unha idea de como eran esas salinas antigamente. O espazo da salina está hoxe ocupado por unha marisma e a bancada O ten unha fendedura pola que baixa o rego de Vixil, que invade o seu interior contribuíndo á desfiguración das estruturas orixinais. É certo que a peritaxe do ano 1726 fala dunha división interna, pero que non é fácil de comprender. Mais, malia a fonda alteración experimentada logo do seu abandono, non é difícil observar aínda algunhas

das estruturas da vella salina. A vista de paxaro poden apreciarse os compartimentos internos. A metade norte está ocupada por un único espazo de 4 ha onde, aparentemente, non existe ningunha división interna. Segue polo sur un segundo tanque, de forma rectangular, que ocupa aproximadamente 1 ha e tras este, outros dous de 0,5 ha. Por último, un espazo peor definido de algo máis de 1 ha. Estes tallos corresponden ás diferentes fases de produción do sal e estaban separados por unhas canles que conducían a auga de un tanque a outro, e que aínda son apreciables sobre o terreo.



Zona de concentración

Zona de cristalización

Zona de almacenaxe

Canles para a circulación da auga

Entrada da auga do mar


Alfolín

Saída da canalización dos regatos

En Larache atopamos unha enseada máis ampla, cun espazo dedicado ás salinas de 7,5 ha pechado por un longo muro de perpiaño de 850 m. A entrada do mar logo do seu abandono devastou toda evidencia que puidera quedar das estruturas de produción do sal. Hoxe unicamente se conserva o muro de peche e só podemos especular sobre como sería o seu aspecto orixinal. Descoñecemos como era a súa división interna, onde se situaban as comportas que daban acceso á auga do mar, e non sabemos tampouco como circulaba polo interior da salina. Ademais do valado de delimitación da salina hai outro muro perpendicular que pecha a enseada polo sur. Ignoramos cal era a súa función. Podería ter servido como unha simple zona de paso, quizais servise para regular a entrada do mar na enseada que quedaba tras da salina, ou mesmo para controlar a saída da auga doce que baixaba polo rego de Larache.

Reconstrución das fases de funcionamento das salinas de Larache.





As Salinas de Larache

RECONSTRUCCIÓN VIRTUAL
FINAIS S.XVI - COMEZOS S.XVIII

- 1. Zona de canalización** de augas doces
- 2. Canle no muro transversal** para facilitar a drenaxe de auga doce
- 3. Canle de entrada** da auga do mar ao conxunto
- 4. Zona de acumulación:** depósito principal que abastece ao resto da salina
- 5. Zona de concentración** onde comeza a formación do sal
- 6. Zona de cristalización** onde se recolle o sal
- 7. Alfolín,** ou almacén do sal

Se botamos un ollo ás salinas atlánticas de Aveiro podemos entender mellor como funcionaba a produción de sal. As salinas estaban divididas en tres seccións básicas, aínda que internamente a estruturación de cada unha desas fases podería ser moito máis complexa: zona de almacenaxe, zona de concentración e zona de cristalización.

A **zona de almacenaxe** ocupa a maior parte da salina. Esta parte é coñecida na documentación como “viveiro”. O mar era conducido ata aquí durante a marea alta por unha comporta aberta no muro de peche. Neste primeira fase de acumulación, a lámina de auga debía acadar unha altura situada entre os 40 e os 50 cm. Unha maior cantidade de auga podería dificultar o proceso de concentración salina, mentres que un volume máis reducido suporía un desabastecemento nas seguintes fases do proceso produtivo. O gran tanque de 4 ha situado na metade norte das salinas do Ulló corresponde probablemente á zona de almacenaxe.

A continuación, a auga é conducida ata a **zona de concentración**. Aquí a lámina hídrica vai reducíndose ata acadar uns 10-7 cm e a concentración salina vai incrementándose progresivamente. A medida que o espesor da lámina de auga vai minguando, facilítase o proceso de saturación da salmoira, por iso é tan importante que as salinas se estendan por amplas áreas, con tanques extensos e de muros baixos. É moi probable que o tanque central da salina do Ulló corresponda a esta fase. Orixinalmente estaría dividido en tallos rectangulares, de aproximadamente 15 x 25 m, separados por uns pequenos muros feitos con barro.

Por último, a auga chega ata a **zona de cristalización**, onde se distribúe por uns tallos de menor tamaño, de uns 4 x 11 m. Estaban separados por uns muros feitos con barro e reforzados con táboas. Tamén había zonas de paso, de aproximadamente 1 m de ancho, desde as que se accedía aos tanques cristalizadores e cara onde se sacaba o sal. Na salina do Ulló, a

zona de cristalización estaría situada nos diferentes compartimentos localizados no extremo meridional. Hoxe só se conservan parcialmente as canles polas que circulaba a auga e que separaban as subfases do proceso de cristalización. No tempo de funcionamento da salina esta zona estaría dividida en pequenos tallos dos que xa non queda rastro ningún.

Dentro da salina a auga circulaba por gravidade. Durante a preamar dunha marea viva a auga do mar conducíase ata o interior do tanque de almacenaxe. Logo ía descendendo progresivamente, pasando por sucesivos estanques e canais, ata chegar aos cristalizadores onde se colleitaba o sal. Para que este sistema funcionase era preciso levar a cabo unha inxente obra de nivelación do terreo. A marisma que hoxe vemos nas salinas no Ulló era moito máis que un espazo pechado por muros que subdividían o seu interior en tallos salineiros. Agocha un enorme traballo de gran complexidade técnica mediante o que se conseguiu

unha nivelación do terreo en chanzos que descendían desde o punto máis elevado, no extremo norte da salina onde se sitúa o tanque de acumulación, ata os estanques de cristalización localizados na parte máis baixa, no cabo sur do complexo salineiro.

A compartimentación da salina en diferentes fases facilita o proceso de concentración do sal e, ademais, serve para separar as impurezas sólidas e regular a coprecipitación de sales non desexadas, que se van decantando antes de chegar aos tallos de cristalización, obtendo así un sal máis branco e puro. A auga do mar é salgada, pero non contén un único tipo de sal. O control do proceso de precipitación de eses diferentes sales é unha das tarefas máis sofisticadas do traballo do marnoto. O Cloruro de Sodio (NaCl), aquel que coñecemos comunmente como sal, é o máis abundante na composición salina do mar (máis do 75 %), pero ten tamén outros sales, como o Cloruro de Magnesio (MgCl₂), o Sulfato de Magnesio (MgSO₄), o

Sulfato de Calcio (CaSO₄), o Cloruro de Potasio (KCl) ou o Carbonato de Calcio (CaCO₃). Cada un deles precipita a un nivel de concentración salina determinado, que se mide convencionalmente en graos Baumé (°Bé). Nos tanques de almacenaxe a auga está a só 3,5 °Bé. Logo, nos estanques de concentración, vai incrementándose ata os 16-22 °Bé. Nese punto, boa parte do Sulfato de Calcio e do Carbonato de Calcio precipitan e non pasan á seguinte fase. Por último, a auga do mar, convertida nunha salmoira saturada en sal, chega aos tallos de cristalización. Cando a concentración salina acada os 27 °Bé chégase ao momento óptimo da colleita do sal. Nese momento o *marnoto* ten que separar o sal da salmoira antes de que a auga supere ese grao de concentración. A partir dese punto, comezan a precipitar o Cloruro de Magnesio, o Sulfato de Magnesio e o Cloruro de Potasio que fan perder calidade ao sal.



Marnoto.



Marnoto.

Sabes que é un “marnoto” ou “marloto”?

“

A pesar de que os dicionarios de lingua galega non recollen o termo, o portugués conserva esta forma para referirse á persoa responsable da extracción do sal. Eran normalmente homes e dada a súa exposición ao sol durante tantas horas diarias, obrigados a vestir roupa clara e sinxela, lucían bronceado alí onde o sol quentaba.

O control da circulación da auga e a regulación do seu paso de unha fase ata a seguinte era unha tarefa fundamental que requiría unha atención constante por parte do marnoto. Durante o tempo da colleita do sal, os traballadores das salinas abastecían os diferentes compartimentos desde o tanque de almacenaxe. Debían facelo no momento certo e na xusta medida, pois se os tallos recibían demasiada auga ou pouco saturada, podería frearse o proceso de cristalización. No extremo oposto, se non chegaba auga abondo, o que podía acontecer é que

se producira unha sobresaturación da salmoira e a precipitación de sales non desexadas, ou mesmo que a salina quedase seca. E non só se regula a cantidade de auga que pasa de un compartimento a outro, senón que tamén é moi importante como abrir as comportas, de tal xeito que auga leve a velocidade xusta. Se a salmoira corre con demasiada forza pode levantar a lama do fondo do tanque de almacenaxe, arrastrar impurezas non desexadas e poñer en perigo o *labrado* do desexado sal branco. Igualmente, un acceso incontrolado da auga podía

levantar os pavimentos. O marnoto debía tamén coñecer o grao de concentración salina antes de abrir as comportas que daban acceso á auga de unha fase a outra. Hoxe hai instrumentos cos que se pode medir con precisión o nivel de saturación do sal, pero naquel entón os traballadores das salinas manexaban un coñecemento empírico: o aspecto do sal, a aparición de sales en suspensión ou mesmo o gusto podían ser indicativos do grao de concentración. Botar unha pataca na auga e comprobar a súa flotabilidade podía ser mesmo un indicativo.

A colleita do sal levábase a cabo entre os meses de xullo e setembro, cando o tempo era máis propicio. O sol e a temperatura ambiente son fundamentais no proceso de cristalización, pero o vento tamén xoga un papel importante. A dirección do aire, a súa temperatura e grao de humidade eran elementos que influían na formación do sal. Cando as condicións eran favorables, o sal comezaba a formarse nos tallos de cristalización. Primeiro aparecen uns cristais de sal na superficie da auga, que hoxe coñecemos como flor de sal. Esta tona cristalina, actualmente moi prezada polas súas propiedades, era entón un problema no proceso de formación do sal pois dificultaba a evaporación da auga situada por baixo. Por iso, o marnoto remexía a auga e rompía esa capa coa axuda dun rodo ou trollo, un utensilio formado

por un mango de máis de dous metros que ten nun dos seus extremos unha táboa perpendicular de forma rectangular e tamaño variable, que se sitúa entornando aos 50-100 cm x 10-20 cm. Este traballo de “facer bulir” a auga servía tamén para evitar que o sal cristalizase no fondo da salina e quedase agarrado no piso. Se iso chegase a acontecer, no momento de sacar o sal o rodo podería arrastrar tamén as lamas do fondo.



Traballadores das salinas.

Cando o marnoto procedía a recoller o sal, o primeiro que facía era xuntalo co rodo no centro do tallo. Esta operación levábase a cabo sobre unha salmoira saturada en sal, pero que non chegaba a cristalizar formando unha costra. Logo, o sal era arrastrado ata o extremo do tallo, onde se deixaba escorrer por espazo de varias horas. A continuación, o sal subíase ata a zona de paso, formando unha morea que quedaba á intemperie ata que secaba por completo. Por último, o produto final era transportado en cestos e almacenado no alfolín. As

tarefas de remexer o sal, xuntalo no centro e logo recollelo levábase a cabo de xeito alterno nos diferentes tallos. Isto permitía manter un ritmo constante de produción e tamén minimizar o impacto dun posible tempo desfavorable que puidese estragar parte da colleita.



Recollida do sal.



Rodos

Rematado o tempo da colleita do sal, cando os tallos salineiros deixaban de producir, aló polo mes de setembro, a salina quedaba abandonada e asolagada durante todo o inverno. Co inicio da primavera daban comezo os traballos de reparación e preparación da salina para a seguinte colleita. O primeiro que había que facer entón era escoar a auga acumulada aproveitando a marea baixa. Logo había que reparar os muros de delimitación dos estragos sufridos durante a invernia. Tamén se recollían as lamas acumuladas nos tanques da salina e aproveitábanse para reparar os muros de delimitación que separaban os diferentes tallos.

Unha das tarefas máis importantes na preparación da salina para a colleita do sal era a “cura”. Consistía no endurecemento e na impermeabilización do pavimento dos

tallos salineiros coa formación dunha costra salífera. Deste xeito evitábase a perda de auga por infiltración e o levantamento das lamas que podían mesturarse co sal e degradar a súa calidade. Na zona de concentración da salina deixábase entrar a auga e cando estaba parcialmente evaporada, remexíase co rodo para conseguir que todo o fondo quedase impregnado de sal de xeito uniforme. Na parte destinada á cristalización do sal, o traballo de cura levábase a cabo co mesmo procedemento pero dun xeito moito máis coidadoso e demorado. A auga conducíase ata aquí desde a zona de concentración. A medida que a auga se ía evaporando, axitábase co rodo para favorecer a cristalización ao tempo que se evitaba que unhas partes quedasen con máis costra salífera ca outras. Cando a auga terminaba por se evaporar, pasábase o rolo, unha

peza cilíndrica que podía estar feita co toro dunha árbore e que servía para compactar, alisar e nivelar o firme. A operación de cura podía repetirse dúas ou tres veces ata que o fondo dos tanques de cristalización quedaban impermeabilizados e endurecidos abondo. Díciase que a salina estaba preparada cando nin o rolo nin as pegadas do marnoto deixaban marcas sobre o chan. A preparación do piso dos tallos remataba coa aplicación dunha capa de arxila e area, quedando listos para a seguinte campaña de produción de sal.



Rolo.

Traballar coas mans: as ferramentas das salinas

Os *mestres salineiros* controlaban boa parte do proceso intramuros das salinas dende a saída á posta do sol. Desde os *tepes* do Ulló que delimitaban a salina, os marnotos encargábanse de conducir a auga mariña desde un tanque ao seguinte ata conseguir a súa cristalización. Cando o sal estaba listo, era xuntado en pequenos montes e carrexado aos alfolíns ou almacéns, trasfega na que eran fundamentais os *carrexóns* e *medidores de pala cargada*. Entre estes últimos, a mediados do século XVIII, ocupáronse no oficio os labradores de Vilaboa Ángel de Novas, Francisco Carrera ou Gerónimo Conde. Cobraban cento cincuenta reais ao ano. De Santa Cristina dos Cobres procedían Pedro Garrido e Manuel Filgueira, ambos con soldos menores entre os cincuenta e os cen reais. Á cabeza, como *marlotos* ou *fabricantes de sal* empregáronse Francisco Pérez, José Conde, Antonio Conde, Antonio del Río, Silvestre de Acuña, Miguel de Acuña ou Antonio Rodríguez dos Cobres que percibían o seu soldo, de tres reais e dez marabedís ao ano, segundo o sal fabricado por quinquenio.





Traballadoras e utensilios das salinas

RECONSTRUCCIÓN VIRTUAL
FINAIS S. XVII - COMEZOS S. XVIII

parto das augas

Padiola

los de sal

Comportas para o paso da auga





05.

MUÍÑO
E EMBARCADOIRO

Máis dun século logo do total abandono das salinas, a enseada do Ulló experimentou unha nova transformación. No final do século XIX, aquela abra, ata o de agora aberta ao mar de Redondela, quedou pechada por un gran muro feito en perpiaño que tiña como obxectivo servir a un muíño de mareas. O enxeñeiro francés Felipe Auguste Cazaux foi o responsable do proxecto. O muro cerrou a boca da enseada, entre a punta do Malecón e o antigo embarcadoiro, que quedaba parcialmente inutilizado. Tiña uns 330 metros de longo, entre os dous e dous metros e medio de ancho, e unha altura media de 2,5 metros. Catro comportas encargábanse do control do mar, imprescindibles para regular as mareas, estancar a auga, e facer funcionar o muíño. Un desaugadoiro ou aliviadoiro,

no seu estribo dereito, evitaba os excesos. No ensanche do muro, que chega aos dez metros, dúas ramplas servían de embarcadoiro, permitindo acceder tanto ao mar da ría, como ao interior da enseada, que a partir de agora quedaría pechada para sempre.

O muíño estaba situado sobre un tallamar que separaba dúas aperturas no muro, unha para regular o fluxo das mareas, e a outra onde se atopaba o mecanismo que accionaba o rodicio. En realidade descoñecemos se aquel ambicioso proxecto chegou a materializarse. Non hai evidencia documental de que se levantase o edificio do muíño, nin sabemos se estaba feito e pedra ou madeira. Tampouco quedan restos materiais, alén do tallamar e da plataforma onde iría situado, xunto a unhas moas que quedaron canda a banca, e que parecen testemuñar que aquel



Moas do muíño xunto á banca.


muíño si chegou a funcionar. Hoxe, só podemos imaxinar como tería sido aquel enxeño e, para iso, botamos un ollo aos outros muíños de mareas das costas galegas.

Un muíño á beira do mar movido polas mareas

Os primeiros muíños que empregou o ser humano consistían en fregar manualmente unha pedra contra outra. Co tempo, a forza da auga substituíu o esforzo humano. Unha *levada* en forma de rego empedrado ou cavado na terra conducía a auga dende unha presa ou *atol*, permitindo o seu desvío ata a infraestrutura que aproveitaba a súa forza motriz: o muíño. En Galicia móíase xeralmente gran, pero tamén olivas, xofre, chumbo ou casca. Aínda que os maioritarios foron hidráulicos, no alto dos montes ou á beira da costa tamén se edificaron muíños de vento. No interior dalgunhas casas había tamén moas de man que supliron, por exemplo, a falta de auga. Entre os muíños de auga, segundo a posición da roda motriz, había muíños de río e de

marea con rodicio horizontal ou *bruvia* vertical. Entre os de río, as tipoloxías distinguen os de canle ou cal, de cubo, de dorna ou *tinalla* segundo fose a forma na que a auga traballaba. Os muíños de marea, pola súa banda, podían ter rodicio de turbina ou de pas. Distintos autores atribúen aos musulmáns o aproveitamento das mareas para facer funcionar os seus muíños alá polo século X no golfo pérsico. Muíños de ríos e aceas ou *muíños de maré* son similares en canto a sistema construtivo dende que estes últimos se estenden por Europa durante a época medieval. Cádiz e Cantabria, no século XVI, poderían ser os primeiros lugares de España en ter algún destes artefactos, presentes en Portugal dende polo menos o século XIII. A súa difusión en Galicia, tardía, non tivo o desenvolvemento doutras áreas atlánticas como

Bretaña, Devon ou Cornwall. Con todo, hainos xa desde o século XVII como os de Neda (A Coruña, 1609), A Seca (Cambados, 1622) ou As Aceñas (Vilanova de Arousa, 1681). O Pozo de Cachón (Muros) ou O Muíño do Cura (Catoira) foron construídos no século XIX, mentres que algúns, como O Muíño de Pol (Ortigueira, 1905-1910) xa foron erguidos no século pasado.




*Reconstrución do
muíño de marea.*

Como funcionaría?


“ O muíño do Ulló é de auga, subtipo mareal. Unha gran presa no interior da xunqueira almacenaba a auga durante a subida da marea. Coa baixamar, as comportas do estancamento abríanse e a forza da auga, que entraba polo *cubo* do muíño con toda a súa forza, accionaba o *reducio* ou *rodicio*, unha roda en posición horizontal, dentada, provista dun xeito de pas (*penas*) que ao xirar movían, nun plano superior, a pedra de moer (*moa*). Todo o mecanismo era unido por medio dun eixe vertical que unía o *inferno*, a parte inferior do muíño onde estaba a maquinaria hidráulica, co *tremiñado*, o espazo da moenda do piso superior.



Alzado







Dobre páxina seguinte. Detalles da bancada do muíño de marea.





Lugar de paso ao fondo da ría de Vigo

Aínda que rapidamente deixou de ser paisaxe de sal, O Ulló conservou ata o século XIX unha importante posición en canto a lugar de tránsito ou de paso. Como outras poboacións galegas situadas no fondo das rías, a súa posición estratéxica nun estreito con capacidade de embarcar foi aproveitada para a construción dunha pequena rampla, situado no extremo meridional da banca que delimita a salina. Os botes partían do *Embarcadoiro do Ulló* como “pasaxe y transporte de las personas que transitan a la villa de Vigo, Redondela y otros parages de aquella ría”.



Mariñeiro.

O catastro do Marqués de La Ensenada fálanos da importancia daquel embarcadoiro para a comunicación por mar:

A la trigésima séptima dizen que en las feligresías de Santa Christina y San Adrián de los Cobres hai algunas lanchas, dornas y barcos de pescar que se emplean no sólo en la pesca sino también en el pasaje y transporte de las personas que transitan a la villa de Vigo, Redondela y otros parages de aquella ría embarcándose en el sitio y embarcadero nombrado del Ulló y en estos fletes alternan los dueños de los barcos a menos que el pasajero elija y ajuste particularmente el viaje con el barquero que le pareciere pero no observan esta alternativa en los

retornos o tornaviages por costumbre y estilo que tienen entre sí...

(Resposta 37 do *Interrogatorio General* do Catastro do Marqués de la Ensenada, 14 de abril de 1752. A.G.S., L.246)

Cando menos, dende mediados do século XIX o concello de Vilaboa emprega como armas municipais “las barreras con tranquilla del extinguido portazgo del Ulló” recollidas tanto no selo municipal (1839) como no de *Instrucción Pública* (1854). O actual escudo heráldico, aprobado en 1996, organízase arredor dun único cuartel de azur con dúas torres de prata e na punta ondas de azur

e prata; bordura de gules cunha cadea de ouro e, ao timbre, coroa real pechada.



Selo municipal dun documento do século XIX





06.

O ULLÓ: UN HÁBITAT
DE MARISMA

LOCALIZACIÓN E DESCRICIÓN

As Salinas de Ulló e de Larache teñen unha gran riqueza e diversidade naturais, producida polo contacto de zonas acuáticas e terrestres, nas que se combinan distintos tipos de hábitats cun gran impacto biolóxico e ambiental. Entre os hábitats máis relevantes das salinas destacan as marismas, os xuncais e os bosques de ribeira, con máis de 300 especies animais e vexetais, das que 69 están protexidas pola lexislación galega.

Estas características especiais, xunto coa súa vulnerabilidade, deron pé á inclusión destas Salinas na Rede Natura 2000, dentro do Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) Enseada de San Simón. Ademais, a nivel autonómico as salinas están protexidas como patrimonio natural e de biodiversidade de Galicia, dentro das ZEPVN (Zona de Especial Protección dos Valores Naturais) e das ZEC (Zona Especial de Conservación).



HÁBITATS DAS SALINAS DE ULLÓ E LARACHE

As marismas

Son hábitats húmidos, que se caracterizan pola presenza de plantas herbáceas, sedimentos lamacentos e areosos, pouco relevo e grandes cambios estacionais. Son ecosistemas complexos e fráxiles, con moita diversidade, e vinculados á auga tanto doce como mariña, debido sobre todo a que

están situados na desembocadura de ríos e permanecen anegadas regularmente. Este tipo de hábitat é o máis común en ambas salinas, ocupando máis da metade da superficie total.

Dentro da marisma inclúense os pasteiros halófitos atlánticos, caracterizados por ser unha vexetación anual pioneira,

con especies propias de zonas lamacentas, e areosas e tamén se inclúen os pasteiros de espartina, característicos das lamas, onde se combinan area e herba, con moita humidade. A distribución das plantas herbáceas é heteroxénea, o que vai determinar tanto as especies animais vinculadas a cada zona do hábitat como as súas condicións ecolóxicas.

Aprende a identificalas



As aves limícolas inclúen múltiples especies, todas elas caracterizadas por habitar zonas húmidas, xeralmente costeiras como lagoas, estuarios ou marismas.

A maioría delas realizan longas migracións e a súa distribución é moi ampla, atopándose ao redor de todo o mundo.

A forma do seu pico varía dependendo do tipo de alimentación (sementes, anélidos ou moluscos) e especialmente do lugar onde obteñen ditos alimentos: longos para mergullalos no limo e curtos para buscar na superficie da auga ou nas herbas.

As súas cores son normalmente discretas, variando entre o branco, o negro e os pardos. Isto permite que sexan máis difíciles de detectar polos posibles depredadores.

É especialmente importante ter en conta as variacións entre o día e a noite e entre as distintas estacións neste tipo de hábitats, xa que sofren cambios moi grandes e os seres vivos que as colonizan deben ter una grande adaptabilidade e resistencia. Entre os múltiples organismos que poboan o hábitat de marismas cóntanse varios tipos de vermes (poliquetos e oligoquetos), crustáceos, moluscos e insectos, ademais de moitos tipos de aves limícolas ou insectívoras, que buscan nas marismas tanto alimento como seguridade.

En canto á vexetación, destaca especialmente a inexistencia de árbores, caracterizándose polo predominio de plantas herbáceas adaptadas á presenza e á ausencia de auga. Por outra banda, a distribución dos vexetais mostra o proceso de

formación das marismas, onde as plantas pioneiras son relegadas ás zonas dos bordes e ás canles dos regatos mentres que as plantas con necesidade de sedimentos ocupan as zonas máis elevadas.

Ao contrario do que se pensaba antigamente, estes hábitats teñen importantes valores naturais, científicos, estéticos, económicos e culturais. A súa importancia económica está vinculada á extracción de minerais, como no caso das Salinas de Ulló e Larache. Ademais, debido ás súas características de ecosistemas en miniatura, permiten comprender e explicar relacións tróficas de forma sinxela e didáctica. Tamén teñen especial interese para a observación de aves, xa que recollen moitas e interesantes especies.

Claves de identificación do hábitat:

- ✓ Plantas herbáceas formando pasteiros
- ✓ Ausencia de árbores
- ✓ Moita humidade
- ✓ Invertebrados e aves que se alimentan deles



Zona da marisma durante a marea baixa. Autor Xandro García.

Intermareais lamacentos

A zona intermareal é unha área de costa descuberta cando a marea baixa pero que queda cuberta de mar cando van mareas altas. Polo tanto, dúas veces ao día queda exposta ao aire e outras tantas veces cuberta pola auga. Esta é a característica que vai definir e determinar todas as especies presentes, xa que deben poder resistir o estrés que implica este cambio producido polas mareas.

Por outra banda, lamacentos ven a indicar a presenza de partículas finas sedimentarias, que mesturan grava e area. Estas zonas caracterízanse por unha gran cantidade de materia orgánica e por unha composición variada, que van ir asociadas a diferente diversidade de fauna e flora. Os hábitats lamacentos son propios das rías, onde o movemento das mareas non é tan forte.

A lagoa situada tras a banca de Casó é un exemplo de zona intermareal

lamacentos e mostra un exemplo claro deste tipo de hábitat.

Polo tanto, as especies animais e vexetais deste tipo de hábitat dependerán da composición variable do sedimento e da variación das mareas. Os ecosistemas presentes neste hábitat caracterízanse por ter especies de grande interese a nivel ecolóxico, xa que nutren e regulan a vida de aves migratorias como as garzas, e a nivel económico, pola presenza de bivalvos cobizados polos humanos.

Entre as especies animais destacan os invertebrados que se alimentan da materia orgánica dos sedimentos, como a miñoca das ostras e a do mar, ambos anélidos poliquetos, é dicir, vermes mariños de corpo segmentado. Ademais, como xa se comentou, pódense observar aves de grande interese, como garzas e garzotas, que aproveitan a


presencia destes invertebrados para alimentarse.

As especies vexetais tamén son esenciais para caracterizar este hábitat, sendo curioso que presenta tanto algas como plantas. Entre as algas destacan as leitugas de mar, pertencentes ao xénero *Ulva*. En canto ás plantas destacan as do xénero *Zostera*, que forman os chamados pradairos, áreas que atraen a especies de aves, crustáceos, peixes e moluscos. Ao igual que sucede coas áreas de marismas, os hábitats intermareais lamacentos caracterízanse pola ausencia de árbores, que son propias das zonas terrestres.

Este tipo de hábitat ten gran importancia económica, xa que neles habitan moluscos bivalvos como ameixas, ostras ou berberechos, cuxa extracción e cultivo é unha actividade tradicional e relevante en Galicia.

Claves de identificación do hábitat:

- ✓ Cambio coas mareas. Coidado coas mareas vivas!
- ✓ Solo lamacento e areoso de composición variable
- ✓ Aves como Garza real e Garzota grande
- ✓ Combina algas (leituga de mar) e plantas (pradairos de zosterá)



Área intermareal, na que se distingue o substrato lamacento e a presenza constante de humidade.

Sabías que...?

“

As mareas en Galicia oscilan, aproximadamente, uns catro metros. Sen embargo, isto é unha media, xa que non só non é algo constante en tódalas costas senón que tamén varía segundo a época do ano ou mesmo do mes.

Para entendela é importante recordar que as mareas dependen da forza de atracción que exercen a Lúa e o Sol sobre a Terra, e tamén que o noso planeta dá voltas ao redor do Sol cunha certa inclinación. Ademais, o Sol e a Lúa non teñen nin movemento nin efecto igual sobre a Terra, sendo a forza da Lúa maior pola súa proximidade, e a súa órbita ao redor do planeta moito máis curta que a da Terra ao redor da súa estrela.

Como consecuencia cada, aproximadamente, 14 días prodúcese mareas vivas, cunha ampliación máxima. É dicir, hai moita máis diferenza entre a baixamar e a preamar que no resto do tempo. Estas mareas correspóndense coa lúa chea e a lúa nova. Pola contra, nos cuartos minguantes e crecentes o efecto é xusto o oposto, producíndose mareas mortas, nas que a amplitude é mínima, habendo polo tanto moi pouca diferenza entre a marea baixa e a preamar.

Así, da mesma forma que estas variacións son importantes para a fauna que habita nas zonas intermareais, tamén é moi importante para os humanos que imos visitar estes hábitats, xa que debemos ter coidado de non quedar atrapados nas mareas vivas.

Bosques de ribeira

As características dos bosques de ribeira ou en galería están influenciadas polo entorno, neste caso dependen do tipo e altura do río ao redor do que se desenvolven. Cando o río ten pouca forza e corrente, permite a sedimentación e a formación de depósitos, formándose bosques completos, con arbustos, matos e árbores combinados con prados de orixe fluvial.

As especies vexetais destas zonas baixas dos ríos inclúen ameneiros, freixos e chopos, entre outras árbores de interese. Ademais, destaca a importancia de todo o conxunto de vexetais das zonas sedimentarias, xa que estabilizan o ambiente e permiten que o habiten distintas especies ambientais utilizando o bosque de ribeira como refuxio, protexidos de cambios de temperatura, do impacto do sol, etcétera.

Os hábitats destes bosques son variados, xa que combinan zonas acuáticas nos bordes do río con zonas máis terrestres, no bosque propiamente dito, polo que a vida desenvolverase en todos eles, dende animais que buscan refuxio ou alimento nas raíces ata as que habitan as copas das árbores ou as súas pólas. Isto permite que se atopen ecosistemas complexos, nos que hai unha estreita relación entre animais e vexetais.

O interese dos bosques en galería é extenso, xa que hai especies de árbores dunha importancia indubidable como os ameneiros ou os freixos, moi valorados polos animais en zonas con presenza humana, pero sobre todo é esencial o efecto que teñen sobre a calidade da auga, xa que todas as especies que compoñen estes bosques axudan a filtrar sedimentos, partículas e nutrientes das correntes.



Bosque de Ribeira ou en galería.

Claves de identificación do hábitat:

- ✓ Rodean o río
- ✓ Presentan especies de árbores como ameneiros, freixos ou chopos
- ✓ Ambiente estable e amortecido

A importancia da vexetación nos bosques de ribeira

As súas funcións son tan variadas como esenciais e inclúen:

Regulación do microclima do río

Estabilización dos sedimentos

Son un hábitat ideal para un gran número de especies animais terrestres e acuáticos

Son unha fonte de alimento para moitas destas especies

Actúan como filtro contra a entrada de sedimentos e substancias químicas no interior do leito, de maneira que funcionan como barreira contra contaminantes e regulador do ambiente

Cumpren unha función de acumulador de auga e sedimentos

Regulan a cantidade de radiación solar que alcanza o río, dependendo da densidade das copas das árbores e da súa orientación, co que participan na regulación da temperatura e da produción primaria das plantas acuáticas

As raíces das árbores estabilizan as beiras dos ríos, permitindo unha boa fixación

“

GUÍA DE ESPECIES

Nas Salinas de Ulló e Larache atópanse múltiples especies, que van dende vexetais simples aos máis complexos, así como de invertebrados non artrópodos ata vertebrados superiores.

Para levar a cabo unha pequena guía resaltaranse unha serie de

especies de cada un dos principais grupos (vexetais, invertebrados mariños, invertebrados terrestres e vertebrados) entre os cales se indicarán casos de especies protexidas e outras invasoras.

Coñece as palabras

“

Especies invasoras: son especies de animais e vexetais non oriúndos da zona que habitan, que debido á súa elevada capacidade de crecemento e/ou multiplicación provocan a perda de diversidade. Estas especies son un risco para a saúde dos ecosistemas posto que compiten coas especies autóctonas polo espazo e a alimentación. En ocasións o risco baséase nesa elevada capacidade reprodutiva, pero tamén hai casos nos que a súa vantaxe sobre as especies autóctonas débese a unha maior voracidade ou incluso á ausencia de depredadores. Ademais, en moitos casos estas especies alóctonas transmiten enfermidades ou toxinas que poden por en perigo os ecosistemas que colonizan.

Especies protexidas: son aquelas especies que teñen unha protección legal que impide a súa captura, venta, caza, posesión ou exterminio. Hai múltiples razóns polas que se pode protexer a unha especie, sendo a máis común delas a redución de biodiversidade, é dicir, a diminución paulatina do número de poboacións e individuos que pode ter como consecuencia a extinción da especie. As medidas de protección teñen como obxectivo final que estas especies non desaparezan e poidan chegar á súa completa recuperación, mantendo así a riqueza natural a nivel local e global.

Vexetais

Na área correspondente ás Salinas de Ulló e Larache documentáronse 103 especies vexetais, das que sete son algas e tres líques. Todas as demais especies pertencen ás plantas vexetais, que inclúen as de tipo herbáceo, arbustos e árbores.

A distribución destas especies ven determinada, como é obvio, polos distintos hábitats presentes, observándose plantas herbáceas maioritariamente no intermareal e nas marismas, mentres que a maioría de especies arbóreas contabilízanse nas zonas de bosque.

O grupo de organismos vexetais presenta o maior número de *especies exóticas ou invasoras*, con sete especies moi presentes, na súa maioría, en toda a xeografía galega:

- A **herba da pampa** (*Cortaderia selloana*) caracterízase por unhas follas moi longas e finas que crecen densamente xunto con flores brancas agrupadas que recordan aos plumeiros. Son especialmente nocivas pola súa facilidade para

reproducirse e pola extensión e fortaleza das súas raíces.

Aínda máis relevantes que as especies invasoras son as tres especies protexidas que se describen nestas salinas:

- A **zostera anana** (*Zostera noltei*) é unha planta acuática de pequeno tamaño, con rizomas moi finos que forman nódulos nos que saen follas e raíces. As follas agrúpanse en feixes, son cónicas e con ápice escotado. Pódense atopar en zonas intermareais lamacentas e areosas.

Por último, cabe destacar tamén outras especies vexetais de especial interese, xa sexa económico ou ambiental:

- O **ameneiro** (*Alnus glutinosa*) é unha árbore de tronco dereito e cilíndrico, cunha cortiza entre agrisada e parda nos xuvenís e con placas en exemplares mais vellos. A copa é alta e irregular, que vai facéndose máis redonda co tempo. As follas son caedizas, simples, alternas, dentadas e de base arredondada.



Herba da Pampa (*Cortaderia selloana*).



Detalle da *Zostera anana* (*Zostera noltei*) nun leito areoso.
Autor Xandro García.



Ameneiro (*Alnus glutinosa*).

Sabías que...?

- A **espartina mariña** (*Spartina maritima*) é unha planta herbácea perenne de talla media. Os brotes aéreos crecen ata formar cabezas florecidas. Espigas erectas, con entre sete e quince vaíñas estreitas, firmes e curtas. Follas curtas e ríxidas, xeralmente enroladas e de cor avermellada, cunha lígula característica de pelos moi curta. As láminas das follas despréndense deixando só vaíñas nas partes altas. Esta especie coloniza zonas lamacentas intermareais, entre os niveis medios de baixamar e marea alta, formando pradairos que permanecen alternativamente emerxidos ou mergullados.

A *Halimione portolacoide* é un arbusto leñoso na base e herbáceo na parte superior. As follas teñen forma entre espatuladas e lanceoladas, cunha base atenuada e pecíolo claro. As flores agrúpándose en espigas laxas que forman inflorescencias paniculiformes. Habita en zonas de marismas, en terreos salinos e húmidos do litoral.

“

A vexetación ten múltiples funcións para os animais que habitan nela. Entre estas unha das máis interesantes e que se pode observar de maneira directa refírese á reprodución, crecemento e metamorfose.

Así, nas follas de árbores coma os ameneiros, propios dos bosques de ribeira, moitos macroinvertebrados levan a cabo o cambio de larva a adulto. Polo tanto, en certas épocas do ano, pódense atopar nestas follas distintos tipos de invertebrados, como bolboretas, en proceso de metamorfose ou en estadio de pupa.

Outro exemplo é a importancia que teñen as plantas acuáticas para a posta dos ovos de ras e insectos. Por iso, se buscamos con coidado e atención, podemos atopar pequenos ovos de múltiples especies, que serán unha boa mostra dos organismos que se atoparán en momentos posteriores en forma adulta.



No centro da imaxe a *Halimione portulacoides* con flor.



Pradairo de *Espartina mariña* (*Spartina maritima*) situado trala zona cuberta de auga.

Invertebrados mariños

Este grupo de animais teñen especial presenza e importancia na zona lamacenta intermareal, onde destacan os anélidos poliquetos (animais vermiformes de corpo segmentado con presenza de quetas e apéndices) e os crustáceos. Na bibliografía inclúense un total de trinta e catro especies deste grupo en ambas salinas, pertencentes a cinco grupos, dos que os anélidos e os artrópodos son os máis abundantes pero non os únicos, xa que tamén se referencian especies de outros grupos como moluscos, nematodos ou cnidarios.

Entre todas estas especies descritas ningunha delas está identificada como invasora nin tampouco incluída en ningunha das listaxes de protección. Sen embargo, hai dous invertebrados mariños que vale a pena destacar:

- O **anfípode** ou pulga mariña (*Melita palmata*) é un pequeno crustáceo mariño de cores pálidas entre amarelo e azul agrisado, de aproximadamente 16 mm

de lonxitude. A cabeza ten os lóbulos laterais redondeados, con ollos pequenos redondeados. O pedúnculo da segunda antena é lixeiramente máis longo co da primeira. As femias presentan un lóbulo anterior en forma de gancho. Viven nas augas intermareais e sublitorais pouco profundas, entre hábitats lamacentos e pedregosos.

- A **miñoa de mar** (*Capitella capitata*) é un anélido poliqueto de cor vermella, cun corpo de forma fina e alongada, sen estruturas corporais destacables ou rechamantes. Mide aproximadamente 20 mm de lonxitude, aparentemente fráxil, que se vai estreitando cara aos extremos. O seu movemento baséase na capacidade de contraerse e expandirse. Carecen de branquias nin lóbulos branquiais e viven soterrados, alimentándose de forma oportunista. Ao igual que a pulga mariña, esta especie atópase en hábitats intermareais e sublitorais, especialmente en zonas lamacentas ricas en materia orgánica ou debaixo das pedras.



Anfípode ou pulga mariña (*Melita palmata*).



Miñoa de mar (*Capitella capitata*).

Coñece as palabras

“

Quetas ou sedas: son estruturas diminutas, normalmente de quitina, que rematan en pelos. Están presentes en certos tipos de invertebrados como anélidos e artrópodos. A súa función é tanto táctil como de locomoción.

Poliquetos: organismos que presentan moitas quetas ou sedas no seu corpo, que lles dan aparencia de organismos con extremidades.

Oligoquetos: invertebrados que presentan pequenas quetas ou sedas, en moitos casos invisibles a simple vista.

Invertebrados terrestres

Dentro deste grupo é interesante ter en conta a importancia de grupos diferentes aos insectos, por moi extensos que estes sexan. Entre os tipos de invertebrados de interese atópanse os anélidos e os moluscos, que teñen importancia a nivel ecolóxico, como parte esencial das cadeas tróficas e os ecosistemas.

É un grupo con elevada presenza e unha enorme variabilidade en todo o mundo, e concretamente nas marismas e nos bosques de ribeira. Para as Salinas

do Ulló coñécense setenta e nove especies, das que 73 son artrópodos (animais con patas articuladas, como os insectos ou as arañas), dous son anélidos e catro moluscos.

Hai dúas *especies protexidas* de invertebrados terrestres citadas no entorno das salinas:

- A **señoriña dos brañais** (*Euphydryas aurinia*) é unha bolboreta de entre 30 e 46 mm, cun patrón de cores alaranxado, con deseños en negro e amarelo. No anverso das ás presentan liñas curvas



Señoriña dos brañais.

de cor negra, así como uns pequenos puntos negros na zona submarginal das ás traseiras e amarelos no par dianteiro. En cambio, no reverso das ás destaca a presenza de bandas de cor marfil e alaranxada dende a base ata o marxe das ás traseiras. Tal e como sucede en moitos outros grupos de artrópodos, as femias son máis grandes que os machos. É unha especie presente en diversos hábitats, dende prados húmidos ou zonas próximas a regatos ata claros ou marxes dos bosques.

Conta a lenda...

“

que as libélulas e gaiteriños son a proba do amor de Xúpiter por Galicia, que se dispersa polos nosos ríos. Segundo esta mesma lenda Xúpiter creou o Miño porque se namorou da terra galega e Xuno, chea de ciúmes, cravou a súa espada formando así os cañóns do Sil. A partir de aí, os ríos repártense por toda Galicia, rememorando ese amor de Xúpiter, e os odonatos son a súa manifestación viva.

Outra historia, que chega dende Cantabria, fala dos gaiteiros azuis e dunha orixe que se remontaría a homes pecadores coa alma perdida, obrigados a vagar pola terra por toda a eternidade. A cor dos distintos gaiteiros indicaría diferentes pecados asociados a eses homes: roubos, corrupción, enganoso...

Independentemente das historias que rodean estes fermosos invertebrados, recorda que non é o mesmo un gaiteiro que unha libélula. A principal diferenza entre ambos é que as libélulas nuncapregan as súas ás, mentres que os gaiteiros, cando se pousan,pregan ambas ás e estas quedan cara arriba e non en horizontal.



Euphydryas aurinia pousada nun cardo de mar.

Unicamente está citada unha especie invasora:

-O **avespón asiático** (*Vespa velutina*), fíxose moi famoso nos últimos anos en Galicia e a Península polo gran número que hai e o efecto que teñen sobre outros animais como as abellas. É unha avésa que se alimenta de outros invertebrados caracterizada polo seu tórax e abdome de cor negro, salvo o cuarto segmento que é amarelo. As

patas son de cor marrón salvo nos extremos, que son amarelas. As ás son de cor escuro, translúcidas pero non transparentes. Coma no resto de avésas hai diferencias morfolóxicas entre a raíña e as obreiras, sendo estas últimas máis pequenas e activas fora da colmea. A súa importancia débese, sobre todo, ao elevado nivel de depredación cara a outros invertebrados, que ven o seu número reducido o que provoca un desequilibrio nos ecosistemas.

Hai outra especie neste tipo de invertebrados que vale a pena destacar:

- A **miñoa de terra** (*Lumbricus sp.*) é un anélido oligoqueto, é dicir, que carece de apéndices e ten quetas ou sedas moi pequenas. O seu corpo caracterízase pola división en segmentos en forma de aneis e a presenza patente do clitelo, unha estrutura glandular presente en adultos con función reprodutora. Viven en zonas arxilosas, nas



Avespón asiático (*Vespa velutina*).



Miñoa de terra (*Lumbricus* sp.) localizada no centro da imaxe, de coloración acorde ao seu substrato. Autor Damián Romai.

Aprende a diferenciarlas: miñoa de mar e de terra

“

capas superficiais do solo, onde se alimentan da materia orgánica. Son animais hermafroditas, portando cada individuo ambos tipos de órganos sexuais. Atópanse en chans húmidos con abundante materia orgánica, ambas características esenciais para a súa supervivencia. Cando a temperatura é moi alta migran dende as capas superficiais do solo a outras máis profundas, onde as condicións permanecen favorables para a súa supervivencia.

Ambas especies son anélidos, é dicir, ambos son coñecidos como vermes. Sen embargo, hai moitas características morfolóxicas que permiten unha clara diferenciación entre elas:

A miñoa de terra pode alcanzar ata 30 cm mentres que a de mar chega como moito ata aos 10 cm, sendo así fráxil e flexible.

En ambos casos o seu corpo está dividido en aneis, como indica o feito de que pertencen ao grupo dos anélidos, pero a miñoa de mar pertence á clase dos poliquetos, polo que presenta ao longo do seu corpo quetas diferenciadas que no caso da miñoa de terra son moi reducidas ou aparentemente ausentes, xa que é un oligoqueto.

A zona xenital nas miñoas de mar permite diferenciar entre macho e femia, xa que os primeiros teñen unhas espiñas formando unha cruz mentres que as femias presentan un vulto ovalado. Pola contra, as miñoas de terra presentan os órganos reprodutores na zona denominada clitelo, claramente visible sen lupa nin microscopía.

Vertebrados

Hai unha gran cantidade de grupos animais incluídos nos vertebrados, con unha inconmensurable variabilidade tanto respecto aos hábitats nos que viven como respecto aos xeitos de vida que teñen. Partindo do interese que ten a área das salinas para a visualización de vertebrados como as aves, debe terse moi en conta a existencia de especies migratorias, polo que é moi importante ter en conta a época do ano na que se realizan as observacións destas especies.

Cítanse noventa e nove especies, das cales dúas son peixes, doce anfibios, dezaioito réptiles, corenta e seis aves e vinte un mamíferos.

Neste grupo de animais ten especial interese e importancia a gran cantidade de *especies protexidas*, que inclúen un total de 64. De entre todas elas vale destacar a aguia peixeira:

- A **aguia peixeira** (*Pandion haliaetus*) é unha ave rapaz de tamaño medio-grande, cunha coloración pálida con pintas negras na cara inferior das ás e cunha plumaxe superior pardo-gris, sen pintas brancas. A parte superior da súa cabeza é branca e os ollos de cor amarelo. A silueta de voo desta ave é característica, xa que os extremos das ás xeran unha forma de man de 4 dedos, o que se combina co adiantamento dos ombros no planeo e o arqueamento das ás en perfil frontal. Por outra parte, a cola é curta e con silueta cadrada. Para alimentarse precipítanse sobre a auga con aleteos pesados e somérxense cos pés por diante para capturar os peixes coas súas garras. Durante o período de cría esta ave está estreitamente vinculada ao medio mariño, xa que pesca en pequenos golfos, baías ou lagoas preto do mar, como a descrita nas salinas.



Aguia peixeira (Pandion haliaetus).

Entre os animais vertebrados descritos nas Salinas de Ulló e Larache, unicamente se inclúe unha especie invasora:

- A **tartaruga de orellas amarelas** (*Trachemys scripta*) é un réptil moi utilizado como mascota pero cuxa liberación está prohibida, polos efectos que teñen sobre especies autóctonas semellantes. É unha tartaruga semiacuática que pode alcanzar ata 60 cm de lonxitude. A pel é de cor verde escuro con estrías amarelas pálidas presentes en todo o corpo. É distintivo desta especie a mancha amarela intensa que presenta tras os ollos e que se estenden polo pescozo. A coiraza é escura na parte superior, con estrías amarelas como na pel, mentres que na parte inferior é amarelo con manchas negras. Nos costados presenta unha fila de ocelos circulares. Os machos teñen un tamaño menor cas femias, ademais de unllas máis longas nas patas dianteiras, cola máis fina e longa e o plastrón lixeiramente cóncavo.

Por entre todas as especies que se agrupan neste gran nivel de clasificación hai outras tres de *interese* que poden identificarse:

- O **asubiador** (*Mareca penelope*) é un parrulo de aspecto compacto, con pescozo curto, rabo puntiagudo e peteiro pequeno de cor agrisada en ambos sexos, unicamente un pouco máis escuro nas femias. Estes animais, como o resto do seu tipo, presentan dimorfismo sexual especialmente notable na coloración das plumas. Así, na plumaxe nupcial do macho a cabeza e o pescozo son de cor castaña, coa testa e a coroa amarelas cremosas, o peito rosado e o lombo agrisado claro e vermiculado, a popa é negra e os lentes verdes. Pola súa banda, a femia ten coloración parda lixeiramente avermellada, que se diferencia de outros parrulos polos lentes verdes e o peteiro agrisado. A cría presenta una morfoloxía e coloración semellante á da femia, algo máis avermellada. Durante o voo tanto femias como machos presentan unha rechamante franxa alar branca. O seu hábitat varía dependendo da época, pasando de preferir augas pouco profundas, doces e con vexetación non moi abundante no período de cría a zonas intermareais, lagoas costeiras e rías na invernada.



Tartaruga de orellas amarelas (*Trachemys scripta*).



Bandada de asubiadores (*Mareca penelope*) nadando. Distínguense claramente machos (gris e pardo) e femias (pardas).

- A **lontra** (*Lutra lutra*) é un mustélido alongado de extremidades curtas, coa cabeza ancha e aplanada sen diferenciación visible do pescozo. Os ollos, as orellas e as fosas nasais están desprazados cara a parte superior da súa cabeza facilitando a vida na auga. A cola é ancha e aplanada na base e con punta no extremo. En todas as extremidades presenta cinco dedos unidos por unha membrana interdixital. O pelame é marrón e pode combinar varios tons, formándose unha mancha de cor branquecina na gorxa e na parte superior do peito. As vibrisas do fociño, boca, queixo,

ollos e antebrazos son longas. É unha especie con dimorfismo sexual pronunciado, sendo máis grandes os machos que as femias. É unha especie profundamente cosmopolita, que vive en todo tipo de ambientes acuáticos continentais, mentres teñan un bo nivel de conservación.

- A **ra patilonga** (*Rana iberica*) é un anfibio endémico de Península Ibérica, considerado o máis pequeno dos ránidos galegos. O seu aspecto é estilizado, coas patas posteriores moi longas. As femias son moito maiores que os machos, xa que poden medir entre 37 e 53 mm de lonxitude,

mentres que os machos non pasan dos 40 mm. O fociño é afiado e os ollos son grandes e saíntes, de cor amarela e con pupila de forma ovoide e horizontal. A súa coloración varía entre parda ou moura ate ocre ou avermellada. Son características da especie unhas manchas claras e irregulares espalladas polo dorso, así como a zona escurecida por debaixo dos ollos facendo unha especie de máscara. É un anfibio moi acuático, que habita zonas sombrías asociadas a regatos con abundante vexetación. Pese a que é unha ra nocturna é relativamente sinxelo observala durante o día.



Lontra (*Lutra lutra*) nadando mentres mantén o nariz e os ollos fora da auga.



Detalle dunha ra patilonga (*Rana iberica*) na que se distingue a coloración característica baixo os ollos.

Sapo corriqueiro (Epidalea calamita)

Aprende sobre os anfibios

“

As ras e os sapos forman parte da orde dos anuros, uns anfibios que se caracterizan pola ausencia de cola na etapa adulta, así como por ter un corpo curto e ancho, e unhas patas anteriores moi desenvolvidas.

En ocasións hai quen se refire, incluso en medios de comunicación e audiovisuais, aos sapos como os machos das ras. Mais en realidade o termo ra refírese aos anuros de pel lisa e húmida, máis gráciles, mentres que os sapos son máis rugosos, secos e robustos.

Entre as especies que se describen nas Salinas hai unha que presenta unha característica curiosa de observar: o sapiño comadrón (Alytes obstetricans). Este anfibio, de esperanza de vida relativamente curta en comparación con outros sapos, leva a cabo a fecundación en terra, mediante o coñecido anfiexo (abrazo durante o que se fecundan os ovos), tralo que a femia solta os ovos fecundados entre as patas traseiras do macho. Así, é el quen portará os ovos durante un mes, ata soltalos na auga para que saian as larvas, que nadarán libremente ate alcanzar a madurez.

07. PARA SABER MÁIS...

FONTES DOCUMENTAIS

ALONSO VILLALOBOS, Carlos *et al.* (2007), “Geoarqueología y arqueometría de la sal,” in L. Lagóstena, D. Bernal & A. Arévalo (edd.), Congreso int. *CETARLAE. Salsas y salazones de pescado en Occidente durante la Antigüedad*, Cadiz 2005 (BAR S1686; Oxford), 317-25.

AMORIM, Inés (2019), “O comercio do sal de Aveiro na configuración das relacións transfronteiriças do noroeste peninsular Ibérico (1692-1714)”, en GARCÍA HURTADO, Manuel Reyes (ed.), *Soltando amarras. La costa noratlántica ibérica en la Edad Moderna*. A Coruña: Universidade da Coruña, 73-101.

BAS, Begoña (1990), *Muíños de marés e de vento en Galicia (Catalogación Arqueológica y Artística de Galicia)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

BALIÑAS PÉREZ, Carlos (2014), “El “territorium saliniense” y los orígenes altomedievales de la comarca de Arousa”, en *Arousa medieval y románica. I Simposio de Historia y Patrimonio Cultural de Vilagarcía de Arousa*, Concello de Vilagarcía de Arousa, 71-103.

CALO LOURIDO, Francisco (1997), “Notas para o estudo do sal en Galicia. Periepecias dunhas salinas”, en *Portugalia*, n. 17-18, 211-218.

CASTIÑEIRA CASTRO, Víctor Manuel (1999), “El litoral gallego y el abastecimiento de sal a mediados del s. XVI”, en *Obradoiro de Historia Moderna*, n. 8, 7-30.

CASTIÑEIRAS, Juan (2021), “O porto da Moureira e o sal como produto clave da súa historia económica”, en *Aunios*, n. 26, 15-16.

CASTIÑEIRAS GUERRA, Manuel (1979), *Vilaboa do Morrazo*. Pontevedra

COSTAS GOBERNA, Fernando Javier & HIDALGO CUÑARRO, José Manuel (1999), *Las salinas de Vigo. Aproximación al estudio de las salinas de la desembocadura del río Lagares* (Vigo). Vigo: Instituto de Estudios Vigueses.

COSTAS GOBERNA, Fernando Javier (2017), “La explotación de la sal en la Antigüedad: las instalaciones industriales de la costa de Oia”, en *Glaucopis: boletín do Instituto de Estudios Vigueses*, n. 22, 31-35.

CURRÁS REFOJOS, Brais X. (2017), “The salinae of O Areal (Vigo) and Roman salt production in NW Iberia”, en *Journal of Roman Archaeology*, n. 30, 325-349.

DIAS, Diamantino (1996), *Glossário. Designações relacionadas com as Marinhas de Sal da Ria de Aveiro*. Aveiro.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Xoán Miguel (1995), “Una manifestación de la conflictividad en la Galicia protoindustrial: la huelga de los descargadores de la sal de Vigo de 1797-1799” en *Boletín del Insituto de Estudios VigueSES*, n. 1, 141-158, Vigo.

HERNÁNDEZ FIGUEIREDO, José Ramón (2010), “Destino de las temporalidades de los jesuítas en Galicia tras su expulsión de España por el rey Carlos III”, en *Compostellanum: revista de la Archidiócesis de Santiago de Compostela*, Vol. 65, n. 1-2, 149-194.

JUEGA PUIG, Juan (2013), “Estanco de la sal”, en *Revista da Asociación de Veciños de San Roque*, n. 15, 27-28. Pontevedra.

JUEGA PUIG, Juan (2014), *El comercio marítimo de Galicia, 1525-1640*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra, 99-162

LLOVO TABOADA, Santiago (2017), “As salgaduras de Portocubelo”, en *Nova Ardentía: revista galega de cultura marítima e fluvial*, n. 9, 73-77.

MAGOAL, José (2019), “O comercio do sal na Guarda”, en *Nova Ardentía: Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial*, n. 11, 48-57.

MÉNANTEAU, Löic (Ed.) (2018), *Sels et Salines de l'Europe atlantique*. Rennes.

MENÉNDEZ PÉREZ, Emilio (2008), “La sal en Galicia: salinas, curtidos y salazones”, en *Las rutas de la sal*. A Coruña: Netbiblo, 35-43.

MENÉNDEZ PEREZ, Emilio (2008), *Las rutas de la Sal*. Oleiros: Netbiblo.

PERMUY, Carlos (2008), “O negocio máis salgado”, en *Eco*, n. 201 (feb.2008), 42-43.

REBORDA, Alberte (2016), “Saíñas de Porto Santo. Sal e Idade Media na ría de Pontevedra”, en *Faro da Cultura, Faro de Vigo* (26/05/2016)

RÍOS GONZÁLEZ, María Luz (2009), *Documento de traspaso dos dereitos de salgadura por parte dos Coengos de Iria e os Comerciantes de Padrón aos Comerciantes do porto de Carril, asinado no ano 1492*. Padrón: Irmandade dos Fillos e Amigos de Padrón.

RIVERA VÁZQUEZ, Evaristo (1989), *Galicia y los jesuítas*. Galicia Histórica. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.

- RODRÍGUEZ ELÍAS, Avelino (1924), *Las antiguas salinas de Galicia y posibilidad de restablecer esta industria*. Vigo.
- ROMÁN LOSADA, Alberte (2009), *Sal, Sardiñas e Peiraos; Achega ao patrimonio marítimo na Ensenada de San Simón*. Redondela: Asociación Cultural Alén Nós.
- ROMANÍ, Arturo (1998), *Una industria salazonera catalana en Galicia. Origen, apogeo y ocaso. La familia Romaní*. Santiago: Xunta de Galicia.
- ROMERO PORTILLA, Paz (2019), “La sal. Elemento dinamizador de la ciudad y puerto de Coruña en la Edad Media”, en GARCÍA HURTADO, Manuel Reyes (ed.) *Soltando amarras. La costa noratlántica ibérica en la Edad Moderna*. A Coruña: Universidade da Coruña, 35-71.
- SANTOS CASTROVIEJO, Santiago (1990), *Historia da pesca e a salgação nas Rías Baixas dende as Ordenanzas Xerais da Armada de 1748 ata o desestaque do sal en 1870*. Vigo: Unipro.
- SEMÊDO, Énio. (2009): *Ecomuseu do salgado de Aveiro. Preservar para transmitir*. Aveiro
- TIZÓN RODRÍGUEZ, José Antonio (2006), “No es negocio de un puebo sino de todo el Reino” voto, sal e aduanas nas Xuntas de Provincias do reinado de Felipe II”, en *Anuario Brigantino*, n. 29, 141-168.
- TORRADO AGULLA, Xerardo (2010), “A posesión das medidas do sol de Pontevedra parte dos lacerados de Santa María do Camiño: breves notas arredor do pleito de 1384” en *Revista da Asociación de Veciños de San Roque*, n. 12, 60-61.
- VALDÉS HANSEN, Felipe (2003), “El abastecimiento y las crisis de la sal en los puertos de A Coruña y Betanzos durante la segunda mitad del siglo XVI”, en Cuadernos de Estudios Gallegos, n. 116, 91-129.
- VÁZQUEZ LIJÓ, José Manuel (2019), *Donos de sen: loitas, arelas e froitos da xente do mar de Porto do Son (1580-1830)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- “Almacéns de salgadura na parroquia de S. Vicente” en Revista *As Bizocas* do CEIP de O Grove, 31-34.
- RECURSOS ELECTRÓNICOS:
- VIGO INDUSTRIAL: <https://www.vigoindustrial.com/copia-de-salinas-de-ullo-f-008>
- WEB SALINAS DO ULLÓ: <https://www.salinasdoullo.gal/>



08. EIXO CRONOLÓXICO DA PAISAXE DO SAL NO ULLÓ

1564. Estancamento do sal na Coroa de Castela

1566. En Galicia había vinte alfolíns que non chegaban para abasto de sal ó Reino.

1574-1575. Posible sinalamento no Ulló por peritos portugueses de cara a fábrica de salinas.

1637. Escritura de “los dos sitios del Ulló destinados para fábrica de salinas” por Don Antonio Mosquera

1655. A fundación do Colexio de Xesuítas de Pontevedra é amparada polo patrimonio familiar dos Mosquera e Pimentel

1679. Unha Real Cédula do tres de xullo licencia a Melchor Mosquera a “fabricar salinas”

1694, maio, 11. Don Melchor Mosquera traspasa ao Colexio de Xesuítas de Pontevedra o dereito para fabricar salinas.

1694, xuño, 14. O escribán José Rodríguez escritura en favor dos xesuítas os terreos do Ulló.

1694. O Colexio de Pontevedra comeza a configurar a futura granxa do Ulló coa súa casa, cortes, currais e terras de labor.

1698, agosto, 10. Don Francisco de León y Luna, alcalde maior do Reino de Galicia, delimita os lugares do Ulló nos que poder fabricar as salinas.

1706. Os xesuítas de Pontevedra acatan unha orde, do 21 de decembro, sobre o trato do sal.

1709, agosto, 30. Os veciños de Vilaboa queixanse dos excesos da Compañía de Xesús sobre os bens de aproveitamento comunal da parroquia.

1710, febreiro. Os veciños de Vilaboa, Santo Adrián e Santa Cristina dos Cobres quedan exentos dos traballos nas salinas.

1710- 1712. A Compañía de Xesús adquire as terras lindantes coas salinas coa idea de “hazer pieza todas juntas”.

1727-1728. Os xesuítas son acusados polos veciños de Vilaboa por continuar cercando terreos do común. O preito chega á Real Audiencia de Galicia.

1736. A produción do sal é ínfima comparada coa extracción de comezos do Setecentos.

1754, abril, 14. O Catastro do Marqués de la Ensenada apunta que dende había trinta anos non se producía sal no Ulló, sen embargo, recolle os últimos oficios vinculados coa explotación.

1763. Chuvias cuantiosas contrarias á produción do sal.

1767. Carlos III expulsa do Reino á Compañía de Xesús. Os bens son requisados e, posteriormente, sacados a poxa pública.

1768, maio. Chuvias cuantiosas contrarias a produción do sal.

- 1769, abril.** Chuvias cuantiosas contrarias á produción do sal.
- 1783.** Inicio das poxas públicas coas propiedades do Ulló polas que ninguén mostra grande interese.
- 1786.** A banca das salinas viuse arruinada por unha riada.
- 1786, decembro, 5-12.** O temporal destes días dificulta o mantemento das bancas das salinas arruinadas.
- 1788, setembro.** Manuela Pérez, caseira do Ulló, alza queixa sobre o estado do terreo anegado e inútil, sen produción algunha que permitise o pago da súa renda. Rexéitase o arrendamento.
- 1789, agosto, 25.** As convocatorias fracasadas para un novo arrendamento obriga aos veciños de Vilaboa a facerse cargo “por forza” dos bens do Ulló.
- 1814, novembro, 22.** O cóengo da catedral de Santiago, don Pedro Acuña Malvar (1755-1814) deixa en testamento o desexo de que os xesuítas recuperen, no caso de regresar a España, os bens do Ulló.
- 1840, maio, 7.** Don Juan José Arana compra unha primeira quinta parte da Granxa do Ulló que completa, con outros tres pagos doutra oitava parte o 23 de maio de 1840.
- 1841, novembro, 26.** Dona Manuela Fernández Molina figura como propietaria dos bens do Ulló.
- 1856, xaneiro.** O temporal causa danos no murallón da salina.
- 1856, febreiro.** O canteiro Miguel Antonio Paz presuposta as obras de mellora nas banca das Salinas.
- 1867, agosto, 26.** O administrador da Granxa, Prudencio Dios, tenta prohibir o aproveitamento do argazo nas inmediacións da Xunqueira.
- 1870, novembro, 12.** O veciño de Pontevedra Prudencio Dios recibe o poder de administrar os bens e rendas de don José Nazario no seu nome.
- 1873.** Don José Nazario Arana (fillo) redacta un Memorial co seu proxecto para reconverter os usos e aproveitamentos da Granxa.
- 1874.** As obras sobre as edificacións da Granxa melloran a casa principal e as súas construcións adxectivas.
- 1877, setembro.** O mestre de cantería Isidoro Núñez Gómez de Tenorio leva adiante a mellora do camiño de acceso á Granxa dende Porta Muíños.
- 1877, outubro, 8.** Fina dona Manuela Fernández Molina. Os xuncais divídense entre os seus herdeiros.
- 1880, setembro, 15.** O Marqués de Arana reunifica todas as propiedades arredor Granxa do Ulló.
- 1887.** Falece José Nazario Arana
- 1887, xaneiro, 24.** O Diario de avisos de La Coruña recolle o proxecto de Cazaux de sanear as marismas do Ulló e instalar no lugar unha fábrica de salgadura e conservas.






09.

VISITA AS SALINAS





Paredes

P i

i

Salinas do Ulló

A Granxa

i

i

Muíño de marea

i

AP-9

Acuña

N-554

N-550

Pta. do Castelo

A Croa

ENSEADA DE RANDE

Pta. de Xundico

As Erbedosas

Salinas de Larache

Larache

i



Panel informativo



Realidade aumentada



Aparcamento



Ruta visitable